

SEMBLANZAS DE GALEGOS ILUSTRES

Manuel Rodríguez López

Carta a un amigo de Galicia desde Barcelona

Querido Rosendo:

Pídesme que che conte quén era Alfonso R. Castelao.

Teño datos abondo pra isa laboura? Coñecín a sua persoa? Qué sei da sua obra?

Un balado longo e granítico, nestes tempos da radio, a televisión e os aviós, que se chufan de esborrallar lonxanías e segregos, tenme privado de chegar ó cerne da inxente produción do Pai da Galicia moderna, do Moisés galego, creador do noso Decálogo, daquil Profeta, inda oxe desconocido na sua totalidá polos máis; pro que xa ten abalado a concencia de milleiros de irmáus i está a facerse sangue e carne nas vivencias do noso pobo.

Coma tantos outros que nacemos e medramos nos estrondos e no sangue ciscado da loita fraticida, eu, Rosendo querido, non descubrín o esgrevio fillo de Rianxo hastra que "Galaxia" puxo nas miñas maus a peza teatral "Us vellos non deben de namorarse" seguida de "Cousas de vida" e "Escolma posible".

Os derradeiros anos unha mancha de artigos, libros e conferencias, foronme desnobelando, anque parcialmente, a madeixa polifacética do Castelao dibuxante, contista, novelista, autor teatral, político...

Todo os artistas fanse "Mensaxe". Iste pode ser bon ou ruin, voraz ou mentireiro. O espírito do creador, asegún os intres de "manifestación" pódenos levar por canles de garimo, door, ledicia, tenrura, cubiza, loubanza, abafallo, sentimento, xusticia amor...

Sobre cal ángulo, cal suposto, cal prano ou cal intre sicolóxico podía eu satisfacer o teu degaro? Quén pode abranguer unha obra de anos de estudo, esperencias, inquedanzas, ledicias e mágoas, trunfos e desterros pra enfeixalos nunha quartela?

Pra che dar unba idea do seu arte e do seu caraiter, escolmei unha presa de dibuxos, cuio persoaxe central é o can.

Nista farturenta leira xenial de Castelao, amigo Rosende, latexa e vive un mundo, con lendas o pé, que son auténticos poemas insuperables, sen ningunha clas de evasión, encol da realidá social contada por vellos, nenos, emigrantes, caciques, galos, sapos, cas, etc.

O gran mestre préstase, contadas vegadas, á defensa do can. Millor dito. Dóese dil somentes cando o ve asoballado e impotente pra se valer dos seus conxéneres ou de homes inferiores e brutás, que tamén os hai...

As máis, bate no can co vocabulario máis esmagunte. Desta maneira patentiza o gran conceuto que o artista ten da valía e da enteireza, e, pola contra, da teima que sinte pros lambecús.

O can, querido Rosende, xoga un rol destacado niste vieiro de comunicación caricaturista, que se sinte libremente obrigado co seu pobo.

Valéndose dil, zorrega sen compasión no cacique finchado, cun bandullo a

rebordar, con todos os sinos esternos da riqueza rapiñenta, pintándolle unha faciana calcada do bulldog que camiña a seu par. Na lenda apresetanos o repunante persoaxe desta maneira: "O home que foi ladrón e despois fíxose filántropo".

Castelao revóltese contra as maneiras serviles daqueles que, esmagados, non saben coller folgos pra facer valer os seus dereitos e dillelo poñendo, a rentes da súa miopía, dous gatos: Un cricas, outro envalentonado, que están de conversa: "Déixaste maltratar pola cociñeira. Pareces un can!".

Faise alferrón magoante cando cavila nos apoltronados: Atópanse o raposo e o can. "Domésticate hom, dicelle iste cheo de fachenda, e verás que vida máis regalada". "Non che nacin pra can contesta o raposo, revirándolle as costas.

Noutro dibuxo, un can, debruzado na campa onde enterraron ó seu amo, láíase pola perda do seu dono e un sapo, que vé tal degradante sumisión, renega: "Aínda hai cans ¡Aínda hai cans!

E. por se fora pouco, o mestre de Rianxo, dibuxa un can encadeado, ben mantido poro preso, ó fín, con grosa cadea, ca seguinte lenda: "Coidadiño! que morde a todos menos o amo".

Con todo, hai un intre no que a ironía pícara e galeguísima do lápiz do noso caricaturista, danos unha sede de auga no deserto desacougante: Po lonxe unhos recen casados. Il é xa un vello enguante. En primeiro termo un can fala cun caracol de longos cornos: "Taméu ti te casaches de vello?

Queda lito xa que poucas veces sálvase o can nas maus de Castelao Compréndese porque pra il o can é o símbolo da domesticidá, da conformidá, da adulación, do abaixamenlo, da ruindá. Hasta os coellos o comentan a carón dunha cañota: "O can é o animal máis sanguinario". "Por algo ó o máis amigo do home"...

Pero hai un intre, amigo Rosendo, no que o can, mellor dito, unha cras de can, faise merecente da entrega total do dibuxante.

Así atopamos un can de palleiro, fraco, cas orellas baixas, á cavilar nas verbas estranas do cadelo faldreiro que lle di: "A mi me gustas ¿sabes? pero como eres "can de palleiro..."

E un vordadeiro drama a contesta do coitado: "Vaites... vaites..."

Querido Rosende. Déixote por oxe. Agora xa tes unha idea mínima de quén era Alfonso R. Castelao.

Faleicho dunha das moitas facetas, a traveso das cales revélase o seu rexo pensamento e a súa persoalidá envolvente.

Non deixes de pescudar e profundar nela. Estou afeuzado que te farás o seu discípulo incondicional.

Correo de Galicia. Buenos Aires 30-9-1969

CARTA A UN AMIGO GALEGO DEN DE CATALUNYA

Amigo Rosendo: Na miña derradeira faleiche do Casteleao artista. Decíache que a polifacética obra do mestre é unha leira farturenta. Contábache que a nosa xeneración desconoce as suas doutriñas, coutadas por unha manchea de atrancos e teimaba abrirche un portelo, unha cativa regandixa, pra que souperas un chisco do esgrevio apóstolo. Oxe falareiche do político e do home de acción, guierio dun pobo a espallar dende o seu posto de dirixente un ideario acorde cas eisixencias da terra que il percorreu en pelerinaxe contino enrestrando adiutos ca sua entrega total, a sua enteireza e a sua vocación de servizo hastra chegar o trunfo galeguista do 28 de San Xoán do 1936 co Estatuto Galego.

Deante faréi historia:

Pasados catrocentos anos de silencio, deu comenzo, cos Precursores, o agromar galego no segundo tercio do século XIX, vencellado os nomes do romántico Antolín Faraido cuia proposta de independencia galega foi desbotada por soio un voto na Asamblea de Lugo en 1843, do erudito estoreador Murguía, esposo de Rosalía, santa miragreira do renacer literario galego e do teórico Brañas, autor de "El Regionalismo". Logo xurdiron Solidaridad Gallega, cas asambleas agrarias de Monforte de Lemos, e Acción Gallega, xunguida ó nome do gran orador rexionalista Basilio Alvarez, pra desembocar nas Irmandades da Fala, xa de senso nazionalista, creadas por Villar Ponte, que acadan concencia plena de organización e doutriña na asamblea de Lugo de 1918 ca creación do Partido Galeguista do cal Alfonso. R. Castelao foi mensaxeiro incansable e propagandista meritísimo, popular xa polas páxinas de "El Barbero Municipal" e os dibuxos anticaciquiles e anticentralistas.

Nos eidos gaieguistas, amigo Rosende, foi onde mais se axigantóu a persoalidá de Castelao. Irradiaba atración tal, que dende os inteleuais até os mariñeiros e os paisanos, sumóu votos que o convertiron en Diputado por Pontevedra das Constituintes, formando con Otero Pedrayo, Suárez Picallo e Villar Ponte, perante os tres anos do Goberno Azaña, unha representación incansable de loltadores pola autonomía galega, reclamada na asamblea de Municipios en Santiago no mes de Nadal do 1932 por gran maoría.

No 1934, vencedoras as dereitas, co Goberno de Gil Robles, Castelao —igoal que Alexandro Bóveda técnico e coordinador do Partido que foi desterrado a Cádiz— viviu perante un ano en Badajoz. En febreiro do 1936, trunfautes de novo as esquerdas e outravolta situado, esta vez con Suárez Picallo e Villar Ponte, sigue no seu afán polo Estatuto Galego alentado por Portela Valladares, Montero Ríos, Villaverde e outros colegas, deica acadar con resoante éisito a sua aprobación ao plebiscito do 28-6-36, sendo levado ó Goberno, pró rubro oficial, o 17 de Santiago do 1936, víspera da guerra e aprobándose o ano 1938 polas Cortes da República reunidas en Montserrat.

Perante a guerra, Castelao traballou ás ordes do Ministro de Propaganda en Madrid, Barcelona e Valencia dando ó prelo tres libros de dibuxos que foron comparados con "Los desastres de la guerra" de Goya. Viaxou ós E.E. U.U., Francia e Moscú, onde espuxo con éxito os seus deseños,

Ó findar a loita fratricida, emigrou a Buenos Aires onde se creou o Consello de Galiza (1944) cas firmas dos deputados Alonso Ríos, Suárez Picallo, Villaverde e o propio Castelao, que foi nomeado presidente.

Tamén o mesmo ano publicou "Sempre en Galiza". Non che falarei do Castelao autor teatral, do Castelao de "As Cruces de pedra na Galiza" nen do Castelao agasallado en centos de ocasións. Ate agora deiche datos superficiais e alanguéi forte, querido Rosende, porque quero situarte sóio no político e na solución federal que albiscaba, xa dende as Irmandades da Fala, dende o Partido Galeguista e a Organización Republicana Gallega Autónoma en diferentes asambleas nas, que il formou sempre en primeira liña. Non esquezas que o manifesto de ORGA no 1930 decía: "Para nosotros fue y es razón de existencia la instauración en España de la República Federal. No queremos más pero tampoco queremos menos".

Non coides pola escolma que fago de 'Sempre en Galiza' que nil trata somentes da federación. E un libro estenso de perto de 500 llanas no que xunto ós discursos literarios mais fermosos, trata de economía, do socialismo, dos cregos, do ensino, das formas de goberno autónomo, da industria e de todo canto representa un pobo que aneja unha angueira, un pasto, un respecto e a libertá no quefacer diario pra un futuro de irmandade internacional.

Espreita as suas verbas:

Fala do Estado plurinacional e acusa ás dinastías estranxeiras dos Austrias e dos Borbós de cesarismo unitario e centralista, de afogar a libre respiración dos povos, tradicionalmente autónomos. Pra il "monárquico" quer decir imperialismo', 'uniformismo', "centralismo". "República" quer decir "descentralización", "autonomías", 'libertade". Hespaña e un país multiforme. Non é separtista como lle apunaban os seus nemigos: Nos concebimos a Hespaña como un soio Estado, constituído polo libre consentimento de catro povos: Castela, Cataluña, Euzkadi e Galiza. E asegunda: A Hespaña será tarde ou cedo, quérise ou non se queira, unha República Federal.

Castelao considera degradante a división do mundo en bloques. En troques o Federalismo é un recurso nobre e comenente. E dice mais adiante, que na vella Europa os povos son seres nacionais con lingoa e cultura autónomas que poden permitirse o luxo de seren xenerosos politicamente. Volve a falar das ventaxas do federalismo se non se quer fomentar o separatismo pra engadir que débese recoñecer a variedade que distingue a Hespaña orgaizándose según os principios do bó federalismo. Castelao vé na República Federal unha longa serie de ventaxas: A

organización do Estado afincarase en realidades vivas. Armonía entre a periferia e o centro. Equilibrio entre os pobos diferentes, sobretudo na economía. A lei non sería privilexio dos fortes e astutos. Os problemas agrarios revolveríanse atendendo particularidades rexionais. Evitaríanse leixas inxustas centrais ante problemas contrapostos da economía española. Os povos perguiceiros recobrarían azos co exercicio da autonomía. Os desenrols das culturas nacionais enriquecerían o acervo espiritual de Hespaña. Eliminaríase o centralismo que causou a desintegración da Península e daríase o primeiro paso cara unha Confederación Ibérica, feito que se acadaría, engade afeuzado, abolindo o sistema unitario e recoñecendo o dereito á autodeterminación das nacionalidades, especialmente de Galiza. E sigue: Os galeguistas arelábamos que Portugal se confederase con Hespaña pra restablecer a antiga comunidá. Dentro de Portugal perdemos a metade de nosa terra, do noso espírito, da nosa lingua, da nosa cultura, de nosa vida, do noso ser nacional e nunca reeñeceremos de grado o dereito dos portugueses a pedirnos un pasaporte cando atravesemos o Miño nin de Hespaña a impedir que os portugueses entren libremente en Galiza. E para eso é necesario que se resolva previamente o magno problema da Península.

Faríame pesado de seguir espoñendo argumentacións dos anxeios federaes de Alfonso R. Castelao; e quérote preparar por se das con alguén que coide as ideas do autor da "Biblia Galega" —asi batearon moitos intelectuais a obra "Sempre en Galiza"— dun ensoador localista de folgos cativos, a voar nos baixos outeiros da nosa Terra.

No entreviu feito por Bagaria, no mes de San Xoán do 1936 ó Castelao, reproducido no número sete da millor revista galega que coñecín "Galicia Emigrante", creada, dixida e financiada polo infatigable Luís Seoane, pergúntalle o contento con el Estatuto que se gran dibuxante catalán: ¿Estaras está elaborando para tu tierra? O cal contesta o guieiro galego con azas e folgos de águia nas outuras: Yo no tengo la culpa de que Galicia posea características de una nacionalidad. Somos internacionales por convencimiento y universales por naturaleza.

Queda pois ben patente que as miras do gran político son de largacións horizontes como o foron as de outros grandes mestres do galeguismo. Así Xohan Vicente Viqueira di no libro escolmado por Luís Veiga do Campo e publicado pola coleitividade galega de Buenos Aires: Queremos convertir a Galicia dun arrabal nun centro, facer que teña vida propia, grande inmensa; que chegue a ser unha lumarada espíritoal acesa alumando o mundo enteiro. E tamén Vicente Risco na Teoría do Nacionalismo Galego publicado en 1920 e reeditado pola mesma coleitividade: Galicia ten o deber de continuar a civilización universal. E noutro pasaxe: O dito: GO centralismo xa non ten creto na concencia moderna. A cuestión das nacionalidades i a cuestión da descentralización están chamadas a se completar nunha síntese mediante a constitución dos Estados Federales.

Lemos tamén no primeiro número ti a revista "GALEUZCA " —agosto 1945— que se enceta co discurso de Castelao pronunciado en Montevideo co gallo do 9º

Aniversario do Plebiscito Galego: Nosotros reconocemos —¡como no!— la existencia de España como una calidad geográfica, que abarca toda esta unidad geográfica debe plasmarse en la Península y entendemos que debe transformarse políticamente en forma de Estado federal o confederal.

Rosende: Un día coma oxe, fai vinte anos, o cadaleito de Castelao xacía, agarimado ca bandeira galega brosladaa en prata e ouro, agasallo da xenerosa coleitividade galega de Buenos Aires cando o Presidente co Consello de Galiza fora nomeado ministro da República no exilio. A seu carón a fidel compañeira Dona Virxinia e os irmaos Rodolfo Prada, Manuel Puente, Alonso Ríos, Xosé Villamarín, o Doutor Gumersindo Sánchez e milleiros de amigos, admiradores e discípulos choraban a perda do mestre.

"A NOSA TERRA" adicou un número extraordinario á súa lembranza. Publicóu telegramas de pésame chegados dos máis lonxanos recantos do mundo e as millores prumas adicaron a Castelao, en cuidadas páxinas, o verbo máis alcendido. Nelas, Cabanillas, remata o seu dorido poema con estas verbas: Morréu de amor á terra! Ramón Piñeiro dinos que era unha Persoalidade esgrevia, dises que xurden esceicionalmente pra irradiar luz espiritual na vida escura dos povos. Sufríu como un mártir por todos os que padecían a inxusticia, engade Otero Pedrayo e F. del Riego afirma: Adicouse á redención e a loita. Firms e máis firms de gratitude choran a perda daquil home universal que tanto sabía de dores, aspiracións e mágoas do seu pobo ó cal teimaba rexenear.

A NOSA TERRA. Buenos Aires, Xaneiro 1970

CARTA DENDE BARCELONA

Querido Rosende: Por terceira vegada vouche falar de Castelao. O gallo dista nova misiva é outro cabodano da morte do Daniel, que tal era o nome familiar do meniño nado o 30-1-1886. (Non che dixera aínda que o crego — a todas luces monárquico— impúxolle o nome de Alfonso, que era o escollido pola reina Doña María Cristina pro herdeiro que estaba a nacer).

De qué che falaréi oxe diante do afervoadado contido e dos largacíos horizontes culturais da sua obra?

ESCOLMAR A OBRA DE CASTELAO E DIFÍCIL

Xa che dixen nas derradeiras cartas que non é posíbel abranguer nunhas liñas tanta laboura. Na primeira faléiche algo encol dos deseños e na segunda, da faceta política. Ordear as suas verbas e ideas todas, as suas manifestacíons artísticas, cheas de contido, de historia viva; recopilar tantas confidencias desgarradoras, auténticas, ca enorme dosis de meticulosidá, entusiasmo, tacto reflexión persoal; escolmar os seus ricos testimonios de primeira mau, rigurosamente inéditos na literatura galega é imposíbel facelo en poucas llanas. Serían mester abondosos volumes.

Castelao tiña fé na creación literaria, na transcendencia do diálogo e na eispresión universal do dibuxo: "Un piorno, dice, que polas rendixas amostra samente o ceo, di moito mais da fame dun neno que un artículo de fondo", e deixóunos tal mancha de obras, de proporcíons xigantes i en aumento no decorrer do tempo, que xa non podemos prescindir dos seus factores emotivos nen das suas ideas clarividentes, auténticas por ter xermolado na concencia sicoanalítica do home, anguriado ou ledo; cheu de fé ou mirrado pola depresión.

CASTELAO E UNIVERSAL

Ti sabes, querido Rosende, que os humanos somos dados a crear mitos e por eso xurden, verbigracia, fabulosos heróis guerreiros e demagogos pra incirrar os pobos á guerra... O cabodano de que che falo ó comenzo, non é o cumio que coroa unha preta confabulación pra crear un ídolo sen alma, nado na teimosía dun grupo sen basamento e cun futuro que se esborrallará cando morra o tal fato que o mitificóu. Non, Castelao non é a creación dunha forza política de dominio nen de gobernantes que se autocondecoran i empoleiran cativos monecos locaes sen máis merecementos que a sua riqueza. Castelao, como Gandi, Cervantes, Cámoens, Washington e derradeiramente o "Che" ou Xoan XXIII, é un home UNIVERSAL.

A obra de Castelao, mergullado xa no patrimonio da creación humana, escintila feita alicerce dun xigantesco edificio. Deso quero falarche oxe, amigo Rosende: Da inmortalidá que acadóu dunha maneira ben sinxela. escoita as suas verbas: "O conto está en faguer obras de arte e dempóis xa chegaran a conquistar

universalidá".

CASTELAO VIAXANTE INCANSABEL I ESCULCADOR

Castelao viaxóu por todas as naciós ouservando e asimilando canto de bon e de Arte atopóu nos museos e nas xentes. En "Do meu Diario" relata as suas impresiós por Francia, os Países Baixos e Alemaña. De París non lle agradóu o arte Novo nen a infinida de Escolas cos nomes mais dispaes e arremetéu contra futuristas e a manchea de pintores de encoiros, algús verdadeiras pornografías.

Dice: "Eu ben quero ser un artista do meu tempo e así coma son da miña terra, mais ¿Como acéptalas cousas do arte novo de París se case todas elas están alonxadas da natureza?"

París non enchéu o seu espírito. En "O galeguismo no Arte" referíndose á vanidá dos artistas que se coidan creadores di: "Pensan que o arte está nos miolos i estruchan a cachola coma quen estrucha un tubo de pintura".

O millor víu na capital francesa foi a esposición dos rusos porque "Non ten un carácter, ten moitos. E o individualismo, o nacionalismo e o futurismo (o futurismo verdadeiro) é a terra rusa con toda variedade de flores que se poden dar nela. Nada de filosofías nin recetas nin xefes de escola. Son artistas que deixándose ir, conscente ou inconscientemente, polos mandados da terra, atópanse co xenio".

O que mais lle repunóu da capital da Francia foi a visita a un crematorio: "Apodrecer na terra, debaixo dunha boa laxe, iso é natural" escribe.

Bruselas, asulagada nas correntes artísticas alleas, parecélle unha colonia de París e danlle noxo os manteigosos cadros de Rubens. Sóo no museo antigo de pintura síntese ademirado e preso polo entusiasmo: "Canto se deprende con Bosch, con Brenghel o vello e con Huys".

Castelao visita Gante, Bruxas, Amberes, Colonia, Berlín, Munich... Nesta cidá síntese agusto e na "Alte Pinakothek" reconcíliase con Rubens diante dos apuntes que alí se conservan deste pintor,ponse a ben co Murillo das esceas de rulotes e pásmase cas grandes mostras de Matías Grunewald e de Miguel Pacher.

Como podes ver, Rosende, Castelao non foi un home entalado polos horizontes estreitos dunha bisbarra nen tan xiquer dunha rexión. Aquil home que xa ós 11 anos emigrara ca mai, reclamados dende Pampa arxentina polo seu xenitor, pra logo ós 14 tornar a Galiza e facer os estudos de menciña en Compostela e doutorarse en Madrí, foi un viaxante incansábel i esculcador.

No ano 1929 percorréu os caminos da Bretaña, publicando no Seminario de Estudos Galegos "As Cruces de Pedra na Bretaña", froito de atinados estudos arqueolóxicos, gabados na prensa francesa especializada.

CASTELAO LITERATO; ORADOR E DIBUXANTE EN TERRAS ALLEAS

Perante a guerra civil e dempóis no desterro hastra o seu pasamento, a universalidá de Castelao está patente non sóo nos continos viaxes a diferentes

países, senón que tamén na súa presenza cultural nas grandes cidades e nas abundosas edicións dos seus dibuxos e obras literarias en nacións alleas. Así "Galicia Mártir" (Valencia 1937) esborrolla fronteiras e conta con reedicións en Rusia, Arxentina e inclusive na China. En Nova York publícase "Milicianos". "Un ollo de Vidro" é traducido ó francés e ó húngaro. No teatro Mayo de Bos Aires (1941) estrena a peza teatral "Os vellos non deben namorarse". Na mesma República sudamericana no 1944, cun xantar-homaxe que lle ofrecen 1.500 amigos, festéxase o nacemento de "Sempre en Galiza" e pouco antes da súa morte, firma os primeiros exemplares de "As Cruces de Pedra en Galiza", logro monumental de moitos anos de pescuda, financiado poio gran mecenas D. Manuel Puente e a Colonia galega da capital bonaerense.

Pero Castelao foi tamén orador. As súas verbas vibraron nas Cortes Constituintes, nos Estados Unidos, en Cuba, México, Montevideo (No 1943, presidindo primeirísimas autoridades, falou pra 50,000 almas no Estadio Centenario) en Rio de Xaneiro, en Bos Aires, etc., deixándonos o seu pensamento manifestado en dúcias de conferencias, en castelan e galego, espalladas por revistas e xornaes. O Gran Universal galego que xa no 1912 conquéira a segunda medalla da Esposición Nacional de Madrí, lonxe da terra, co pesadelo abafante de eisilado, convírtese no maxistral estilista que en tribunas alleas rubíu a cumios de perfección o idioma galego.

Tamén espuxo en Nova York, na Habana, en Moscú, en Bos Aires, no Ateneo de Montevideo, donde foi agasallado polo presidente Amézaga, i en outras moitas cidades.

Dibuxó estampas de negros nos Estados Unidos e inmortalizóu as espresións, anatomías, doores e danzas dos negros cubanos cunha calida extraordinaria que podemos apreciar no libro imprentado derradeiramente por "Galaxia". Xentes doutra caste, que il amaba e representaba facendo arte porque lle nacía dos mais lucidíos recunchos da ialma, aguilloadas polo seu desacougo, acadaron concencia das súas laceiras. Os anceios das colectividades negras moldeadas pola súa inquedaanza estética conqueriron contido. As estampas de negros nas maus do enxebre galego falan por sí solas da súa universalidá, da súa fonda humanidá. Dicen do seu espírito.

PRA CASTELAO NON HAI FRONTEIRAS

A chave do éisito do noso meirande Xenio dánola il mesmo: "Hai que poñer a producir totalas posibilidades dun pobo diferenciado en ben, principalmente, da riqueza espiritual da humanidade" e "todos cantos preferimos ser escravos da natureza a ser escravos das leises dos homes, proclamamos a necesidá de que os sentimentos galeguistas señan zume da terra e celme da tradición non entendendo por tradición a serie de aitudes superpostas, sinón o eterno que vive acochado no instinto popular".

Pra acabar, escoita esta fermosa comparanza do noso Guieiro ós que lle criticaban o seu universalismo: "Endexamáis ollamos a ningún paxaro tropezar en

ningunha fronteira. E se non tropezan os paxaros ¿cómo podían tropezar os nosos sentimentos e as nosas ideas?"

Rosende, non sei se atinaría nistas liñas con presas tolas a engranzar as adoas convincentes da UNIVERSALIDÁ do meirande fillo de Galicia de todos os tempos. Coido que algún día publicarás a súa Obra Completa - ¿debida, por enésima vez, á sacrificada Colonia Galega? - Somentes entón teremos á mau o Castelao con plenitude.

Remato, Rosende amigo. Saúda ós vellos e ti recibe unha aperta querendosa.

Alborada, (Centro Galego de Barcelona), Abril 1974

O Dr. Manoel Lago González
Meio século dempois

A grandeza barroca da catedral da Sant-Iago dende a alameda; a badía viguesa dende o monte da Guía; a xigantesca cunca da veiga de Mondoñedo dende o mirador en construción ofrécennos unha visión inesquecible de conxunto: Da mesma maneira o erudito Dr. D. Manoel Lago González —historiador, teólogo, mestre en ciencias naturaes— dende a lonxanía do tempo, apréséntasenos oxe coa súa envolvente persoalidá relixiosa e humanista como un dos persoaxes cumies da Galicia do primeiro carto diste século. Coa súa morte prematura a Eirexa galega perdéu a ocasión mais nédea de consustanciarse co pobo. Tería sumo intrés un estudo do que pudo chegar a siñificar o seu pontificado de ter vivido outros quince anos...

Coido que a Academia, neste Día das Letras Galegas —estamos no décimo aniversario da "Pacem in Terris" e na fervencia posconciliar— estivo acertada ó rememorar o Arcebispo santiagués pra estimular a concencia colectiva galega dos cregos de oxe; atinou ó propoñer como exempro tan outa dinidá eclesiástica, que soupo compangar as angueiras espirituales coa tarefa do compromiso íntegro co seu pobo diferenciado.

Nado en Tui o 26-10-65, morréu o 18-3-25 sendo arcebispo de Sant-Iago de Compostela.

O sabio e piadoso filólogo — calificativo con que o nomea Otero Pedrayo— foi, denantes, profesor do Seminario de Tui, bispo de Osma e da súa diócesis nadal. Era memoro da Xunta Rexionalista de Tui cando se celebraron naquela cidá os Xogos Froraes, programados por Murguía e Brañas en 1891, pronunclando un soado discurso de gabanza á lingua galega. Gran coñecedor das ciencias naturaes, descubriu a orelas do Miño un novo exemplar botánico: O Narcisus Lagoi. Como periodista, e por mor dos seus artigos integristas, sufriu detención política que deulle sona popular e, moi novo, foi desterrado (1896|1909) á cidá de Lugo, que conscente da súa valla adotóuno coma fillo...

CRÍTICOS E POETAS ENXUIZAN O ARCEBISPO

O galeguista Antón Villar Ponte no discurso (24|7|34) na toma de posesión do escaño corporativo N° 12 da Academia Gallega substituindo ó Dr. Lago, coma proba concluinte do galeguismo do seu antecesor, leu unha carta na que lle decía: "Von Vds. traballo o que podo no meu canto pola fala bendita das Cantigas de Santa María e dos Canciontiros. Galego de corazón e de nacemento, saúdo os bos galegos da Irmandade".

Asegún o mesmo Villar Ponte, Galicia reloucou de xúbilo cando, dempóis de cento vintecinco años, un nativo galego, o Dr. Lago González, foi promovido á Archidiócesis do Apóstol. A fatalidade do seu curto ciclo compostelán, torcéu os proeitos patrióticos do continuador de Xelmírez e Rajoy no intre do rexurdir da

cultura galega. "O tudense dino e virtuoso rexidor da Sede Metropolitana morréu en recendo de galeguidade" Nos derradeiros intres dixo: "Oxe mais que nunca é preciso que os galegos se estreiten pra salvar a sua Patria".

Ricardo Carballo Calero, na Historia da Literatura Galega, —deica oxe insuperable libro de consulta das nosas letras— dinos que foi un dos coarenta numerarios fundadores da Real Academia Gallega e suliña o mérito dos seus poemas "ALBORADA". "SAN CAMPIO", "FROR NOVA" o "O NENO XESUS" que lles puxo música Torres Creo.

O mals completo biógrafo do Dr. Lago é Xosé Filgueira Valverde que escolmóu 62 poemas, na nosa fala, do tudense que empregóu tamén difrentesseudónimos: GALAICO, LOURENZO do PAZO, XAN DE NINGURES. SILVIO, XAN DO MONTIÑO, etc. Un dos poemas mais coñecidos, engade, foi O DERRADEIRO CELTA.

"Lago González, ise gran descoñecido, afirma Filgueira, é certamente unha autoridá da lingua galega, apesares de algús castelanismos e incluso vulgarismos, dada a sua tendencia popularista. Aмосa unha outísima tenrura e unha extraordinaria perfección formal".

Filgueira Valverde, testigo de esceción que palpóu de perto a laureola do Dr. Lago, brínunos ademáis unha escolma de anédotas, discursos, artigos e unha chea de datos e referencias pra centrarnos nunha época acugulada de froitos maduros, que poucos anos máis tarde habíanse esborrallar. Filgueira fálanos do Seminario de Estudos Galegos, donde o Dr. Lago e nomado Presidente de Honor e lémbmanos as verbas de gabanza que tivo prós deseños de Castelao. Da mau de Filgueira atopámolo na Universidá, na presentación oficial da Cruña e Pontevedra e nas aclamaciós populares e nos recibimentos afervoados con que foi acollido por todos, sen distinción de ideoloxías.

O meirande poeta galego diste século, D. Ramón Cabanillas, cantóu a chegada do novo titular da Sede santiaguesa: ... Sete séculos pasados | meu báculo sosterá | quen, fillo da miña, terra | ten de amala como nal, | novas rosas en Galicia | a frorir comenzarán...

XUSTIFICACION DUN HOMAXE

Suliñei o acertO da Academia galega, que propuxo honrar a memoria da ilustre persoalidá da Eirexa niste 17 de Maio do 1973 por duas razóns, ó meu ver:

Porque Galicia semella camiñar cara un farturento rexurdir galeguista no que, por primeira vegada no decorrer dos séculos, atopánronos cunha ducia de cregos dispostos a incidir no desenrolo espiritual da nosa Terra dende a circunstancia de pobo diferenciado, con problemas, vivencias, lingua i etnografía propias.

Porque cantos sabemos da incidencia eclesial entre as nosas xentes —vacante a Sede conpostelán dende a final do 1971— aneciábamos festexar un novo Arcebispo "galego de corazón e de nacemento".

A decisión da Academia Gallega coidabámosla oportunísima pra catapultar dunha vegada e pra sempre, a Eirexa galega por roteiros escatolóxicos; pero

novamente os nubiros entoldan o noso ceo. Acaba de ser nomeado pra Sede compostelana un bispo alleo. A nosa rexion con seis Diócesis —hai que contar con Astorga— somentes ten unha rexentada por un home indixena: O Dr. Araúxo, de Mondoñedo, que ten ó seu favor ser un dos primeiros cregos; que misóu na lingua materna e que, cónstame, foi proposto á Nunciatura pra ocupar a vacante, producida polo Dr. Quiroga Palacios, por unha mancha de organizaci3n representativas da nosa Terra

¿VERDADEIRA RENOVACIÓN CONCILIAR EN GALICIA?

Os traballos i enquisas da ducia de cregos a que nos referimos ¿quén os arrequestrará? ¿quén os agarimará con ideas propias, nadas no sustrato íntimo do seu peito? ¿Quén —alleo á nosa idiosincrasia— será capaz de identificarse con ela?

O Dr. Lago di nos seus poemas: ...Ai, fillos de Galicia! | erguédevos agora a rescatala: | que non é bon galego, | nin ten corazón da nosa raza, | quen a sua nai vé presa | en miserabre escravitude e cala | ...No leito dos nosos vales, no cume dos nosos montes, á veira dos nosos rios, | nos nosos campos de flores, | oise unha música tenra, | cantiga de rousiñoles. | que enche de bágoas os ollos | i alcende no peito amores..., | a música alegre da fala galega, | da fala máis linda que falan os homes...

O crego X. Pérez Vilariño di: "A verdadeira Palabra cristiá ten que ser socialmente siñificativa. A Eirexa en Galicia —en particular o crego— atópase fronte a esta alternativa: Ou cambio social ou caciquismo, constituirse en conciencia cristiá da sociedade ou en instancia lexitimadora da estatura tradicional dominante".

Xosé Alvílares: "A misión da Eirexa é a de alumar, de xuzgar as realidades humas e loitar polos dereitos fundamentáis da persoa humán".

Andrés Torres Queiroga: "Si a Eirexa en Galicia non toma nota da sua responsabilidade na tarefa do desenrolo rexional, voltaria a converterse nun elemento alleo".

Manoel Espiña, Mourente, Chao Rego, Estravis, Celso Montero, ateigados de folgos, están a labourar por unha Eirexa nova conciliar que salve o home íntegro, espiritualmete e materialmente, lles profundan de cote na morea de atrancos con que topeña o pobo marxinado.., ¿Cómo, preguntóme a miudo, poden comprender e ratificar os bispos doutras rexións a problemática galega e as metas que anecian tales teólogos?

Certo que o Dr. Baeza, bispo io Tui-Vigo, esforzase por identificarse co noso pobo. Galicia estalle agradecida. ¿Fará igoai o novo arcebispo? Ogallá teñamos que facer algún día un poema de xúbilo semellante ó hino do Dr. Lago: ... "Outro héroe máis grande oxo ocupa o meu peito, atención e memoria, | outro héroe máis cheo de gloria... | un milagre vivente de Dios.

CARTA A UN EMIGRANTE

Adicado á lebranza de Valentín Fernández, sostenedor da cultura galega na emigración de Buenos Aires.

Villar Ponte Sementador dun Ideario

Amigo Rosende:

Moito sinto que as miñas cartas collan novos reteiros pero non me sorprendéu o teu novo enderezo: Tamén ti camiñaches pra non esgarecer no peito maino pero valeiro da Nai-Terra, que desposada cun marido desleial, por máis que basoira e anicrase en sevidumes humildosas de criada sumisa, non acada, tras séculos de convivencia, outras rendas senón axes.

Hoxe, pra satisfacer as tuas arelas de saber no tocante á cultura do noso país e á su a problemática, coidéi de sumo intrés facerche un resume do libro publicado en Bós Aires por "Ediciones Galicia" do Instituto Arxentino de Cultura Galega, patrocinado por enxebres personaxes galegos inquedos i entregados á laboura de rexeneración da Patria aldraxada

Estóu a falarche de "Pensamento e Sementeira" de Villar Ponte, fundador da primeira Irmandade da Fala, director de "A nosa Terra", Presidente da Asociación de Prensa da Cruña e pluma afervoadada, presente en milleiros de artigos na prensa diaria ou periódica.

Iste voluminoso libro superior ás catrocentas llanas, debido ós emigrantes da Arxentina, firmes na liña marcada por Castelao, de quen che faléi noutras ocasións, é unha escolma de artigos espallados polo promotor da Alianza do galeguismo pro catalanismo dirixido por Cambó. Con iles o Villar flxo atinados ensaios críticos e sementóu o seu ideario político pro desenrólo de Galicia

Testemuña dunha época ricaz

A obra do que foi Diputado ás Constituintes do 1931 e ás da República do 1936, aguillado, máis que por vocación política, polo apego á sua terra, trata os temas segulntes: Autobiográficos, Figuras, Temas políticos, Glosas literarias e artísticas, Traballos doutrinas, Traballos polémicos, e Iniciativas ou suxerencias...

Como quen vai depinicando margaridas, atopamos'nos artigos devanditos referencias a inteleтуales, filósofos, novelistas, poetas, pintores e músicos do seu tempo, que oxe son unha fonte de sumo intrés. Atende, amigo Rosende unha pequena escolma testemuñal dos persoeiros que estuda o fecundo xornalista nado en Viveiro o 2/10/81 e morto na Cruña o 4/3/36: Francisco Tettamancy, rehabilitador dos mártires de Carral; Benito Viceto autor de "Os Fidalgos de Montarte"; o poeta e xornalista Francisco Añón de quen di: Seu espírito ten espléndido mausoleo no "Divino Saínete" de Curros; Xohan V. Viqueira, destacado filósofo, morto na mocedad, que foi estudante na Alemania e cuia lembranza ten que ser un espello pra todos; Antón Lousada Diéguez catedrático tamén, morto en Pontevedra onde acudiron

irmáus de toda Galicia estregándose de novo o circo ten trabado do galeguismo arredor daquela o de contos populares a quen chama "o Benxamín dos Precursores i Evanxelista dos Continuadores"; Lois Porteiro, catedrático de Dereito Civil da Universidá compostelana, seu colaborador e fundador da Irmandade de Santiago, nado en Lugo e morto "denantes dos 33 anos coma Cristo, coma Rafael, coma Garcilaso... Porteiro aparece unha mancha de veces citado nos seus artigos con laudatorios calificativos —"cerebro cultísimo"— e frases eloxiosas e fermosísimas de indiscutible domeador do arte de escritor —"é unha contaxiosa fervenza de inquietudes"—; pero quen lleva a millor tallada de honores e gabanzas é Castslao. E ten en conta, amigo Rosende, que istes artigos apareceron antes do 1936.

Con qué fervor non falaría oxe do noso guieiro, cuia obra literaria verdaderamente xigante xurde no seu longo pelerinaxe perante a guerra e o eisilio hastra o 1950 data do seu pasa-máu Daniel: "Dibuxante admiráble, bó ma en galego "A Fonte do Xura Academia Gallega e fundador da caricaturista, mestre exemplar do humorismo, non so mentre trunfa co lápiz senón coa pluma. Escribiu traballos que poden servir de modelo para calquer literatura dos nosos tempos e de tódolos tempos".

O autor de "Teoría do Nacionalismo galego", Vicente Risco que "é o millor crítico galego e o millor ensaista da nosa terra" atópalle, nembargantes, un defeuto que logo confirmárase co trauma da guerra: "Algo falto de carácter"... Grande visión a de Villar Ponte!

Tamén alcontramos nas llanas de "Pensamento e Sementeira" referencias a Florencio Vaamonde o "home clásico culturalmente"; ó escritor do primeiro drama en galego "A Fonte de Xuramento", Francisco M. de la Iglesia e, no antolóxico discurso de ingreso na Real Academia Gallega —O Sentimento liberal da Galiza— contestado por Otero Pedrayo, verbas de gabanza pro seu antecesor Doctor Lago González, arzobispo de Santiago e inspirado poeta en lingoa galega.

A Valle Inclán chámalle "orfebre da prosa, refinado poeta i estilista das letras peninsulares por antonomasia".

Tres astorganos bercianos son pra il galegos de corazón: Andrés Martínez Salazar, Presidente da Academia Gallega e fundador da Biblioteca de Autores Gallegos; Marcelo Macías, catedrático de Ourense e D. Antolín López Peláez, arzobispo. O violinista Manolo Quiroga. o poeta romántico afogado en San Amaro Aurelio Aguirre; o investigador do folklore e da prehistoria galega Federico Manciñeira; as grandes promesas da poesía moderna arrapiñados pola morte denantes dos trinta anos, Manuel Antonio, auna prensa diaria i en revistas.

Na morte de Curros Enríquez ten verbas inspiradísimas- pro autor de "A Virxen de Cristal" que compara coa "Atlántida" de Verdaguer e "Mireya" de Mistral, dando fin á fermosa nota necrolóxica con estas verbas: "Vale por toda unha xeneración literaria".

A cultura galega e universal

Amigo Rosende, no libro que estou a comentarche, Villar Ponte vai peneirando todos os intres, artes e inquedanzas históricas ou actuais do quefacer galego con estilo espontáneo, fluído e, as mais das veces, ornamentado axeitadamente. Seu fecundo pensamento e a súa pluma áxil igoal nos falan da saudade e dos escultores encabezados por Asorey, como dos grandes pintores Maside, Souto, Colmeiro, Corredoira, Lloréns Sotomaior... Interésase polo teatro e pon como exemplo a seguir o folkdrama cultivado en Irlanda.

Ganivet Ortega y Gasset, Zuloaga, Virxilio, Concepción Arenal, Teixeira de Pescoaes, Nietzsche e moitos outros, citaos cun alarde profundo de coñecementos da cultura universal en cuías fonduras síntese mergullado e cubiza un posto de relieve prá cultura galega, que como Grecia e a Roma eternas xa pariú o seu Xenio: Rosalía! ..."As novas xeneracións, di, poráanse espiritualmente axionlladas diante de tua lembranza lumiosa, mentres o corazón lle latexe no peito... Es ti o Xento da raza que tomou carne mortal en Compostela" i engade: "Rosalía, adiantándose ó seu tempo, como tódolos xenios para facerse de tódolos tempos, agora escomenza a atopar discípulos".

O credo de Villar Ponte e válido

Inda oxe, amigo Rosende, é de gran transcenderla a doutrina galeguista do feixe de artigos espallados en "El Pueblo Gallego", "A nosa Terra", "Galicia", "El Noroeste"... que "Ediciones Galicia" presenta neste mollo antolóxico do pensamento de Villar Ponte, incondicional servidor a "un ideal cuio camino, dice, máis cheio de espiñas que de froes, seguimos como sigue Diana sen facer caso dos cas cubeantes".

"De Antón Villar Ponte, a cachón, como unha ferida aberta, mana a paixón galega" dice no prólogo Salvador Lorenzana. I é que non soio nos fala de historia, de crítica literaria ou de cousas folklóricas o que en lonxanos tempos fora farmacéutico na vila luguesa de Foz e viaxara a Cuba deixando o seu calco de experimentado director en diferentes publicacións. Regalounos tamén con profundos estudos encol dos Inrmandiños, fixo ensaios de Economía, deu conferencias pra erguer a conciencia colectiva de Galicia e perdurará sempre nos afervoados "Discursos á nación galega".

O credo de Villar Ponte é a libertá da Terra e a autonomía de Galicia. É tolerante pra todas as ideas nobres. Non pide ó nacionalista que seña católico, republicano ou ateo por seren todos compatibles ca redención galega e conqwerimento da autonomía. Misturar relixión e política non conduce a nada bon en especial pra aquela. Prefire con Pi e Margall unha Monarquía federal a unha República unitaria. E predice en favor dun goberno autónomo dentro dunha España grande. Pero esa autonomía debemos ganala, debemos redimirnos individualmente: "Cando cen persoas cultas fagan o que nós, pensen, sintan e falen na lingua nadal dentro e fora do fogar e adeprendan aquela ós fillos, o demáis virá".

O bilingüismo, asegura, colócanos en postura superior ós demáis pobos españoles. Esa afirmación, escribe nun artigo a raíz dun viaxe á capital, non é do

agrado da prensa centralista acostumada a un galeguismo de coros, gaitas e lacón con grelos. Iles non poden aturar a nosa afirmación de superioridá nise senso e non queren recoñecer o neso que pode representar o bilingüismo de Galicia fronte a Portugal e o Brasil ca posesión dos nous idiomas.

Villar Ponte detesta o caciquismo e o favor político: "Hai que acabar cos benefactores e débese esixir Xusticia. A concencia colectiva debe imponerse e eisixir os dreitos". Propón facer un fichero de caciques, que son quenens reparten os enchufes e coma o camaleón adátanse ós rexímenes". E doise de que o galego está afeito a "untar o carro" con dádivas, hastra prás cousas mais xustas, engadindo un novo imposto voluntario ós moitos que sofre do centralismo, pendente sempre da recomendación e do favor do cacique intermediario entre o rus e a Administración.

Il propon a Parroquia e a comarca como estruturas naturaes a base dos concellos democráticos donde prospere o cooperativismo, fora das arbitrariedades da dictadura de dreita ou de esquerdas, porque Galicia, rexión natural con xeografía e personalidá propias —escribe atinadamente— ten problemas, ergo propios. Madrid non coñece os nosos e debe léxicamente deixarnos lexislar que é a verdadeira democracia. E recórdanos a Gallástegui cando di que unha lei de fomento agropecuario publicada na Gaceta non é aplicable a todas as rexións: "Queremos un goberno propio autónomo no gran concerto de unha grande España"... "porque Galicia é unha rexión viva capaz de fecundar a futura Iberia".

Villar Ponte coida que a división das provincias é artificial, ó sabido que se Galicia antes tiña sete, agora ten catro. E abondaría cunha Diputación rexional, sen tanta burocracia provincial na que se resolveran os problemas e pra eso bríndanos un artigo de apoio aos Concexales do Auntamento da Estada, señores D. Manuel Torres Agrelo e D. Xosé Abeleira, que abogan por esta solución. Galicia, dice, debe organizar o seu porvir.

O fundador das Irmandades é un home universal e compaxina a idea autónoma do seu pobo ca salución Federal. E fálanos de Faraldo alma do alzamento dos Mártires de Carral o 26/4/1846 contra o centralismo de Narváez, primeira revolución, recorda, contra o sistema uniforme das provincias. Fálanos no partido federalista e das Asambleas da Cruña e Lugo (1887) na que se aprobou a Constitución do Estado Galego, pra concluir que soio pola federación chégase á paz universal.

Os pecados da Eirexa

Referíndose a Eirexa galega, compara os nosos cregos cos popes rusos "que estaban cos caciques e que foron mortos pola revolución porque non eran bos cristianos". E láia-se da queima de eirexas en Galicia, "cousa que non farían os labregos se houbera caridá e Xusticia". Os curas campesiños casiquean. "Non coñeceron ó P. Sarmiento nin a Feixóo que atacaba as supersticiós, os fanatismos e pedía fomentar as bibliotecas, combatía as corridas de touros, a pena de morte, recomendaba cátedras de agricultura nos seminarios e que o labrego non debe ter

máis terra que a que poda traballar nin pagar tributos abusivos".

Según Villar Ponte os curas traicionaron a Terra. Se foran coma o cura de Fruime, coma Lago González e Antolín López Peláez, respetaríanos coma en Catalunya. Sofren o seu erro, sigue. Non fixeron estudos folklóricos, contribuíndo ca sua apatía á destrución da arquitectura relixiosa de Oseira, Sobrado, etc. Viven ele espaldas á tradición e ó humanismo. Soio Basilio Alvarez defendeu ó agricultor contra o cacique. Predican nun castelán probe, símbolo do centralismo, atentando contra a alma do país. Nin Pedro de Mezonzo nin as cantigas a María do Rei Sabio lles serviron de exemplo, dando o lombo á conciencia do país.

Meta: Recuperar o que ganaron as irmandades

Rosende, con presas tolas, propóxenme brindarche un resume de "Pensamento e Sementeira"; pero decátome do lonxe que fiquéi no meu propósito. Nembargantes coído que che agrada a nova diste gran libro, imprescindible en toda biblioteca galega.

A nosa historia, as nosas letras, as solucións políticas de Galicia e unha selecta caravana de persoaxes loitadores en tódolas esferas, oxe semiesquecidos, reviven nista escolma que esborralla algús seudoprofetax aituales que se chufan de ter inventado o que os nosos devanceiros conqueriron (Lémbrete do Estatuto Galego...).

Ca leutura diste volumen moitos galegos de arestora deberán recoñecer o labor das xeneracións precedentes arquitectos do gran edificio da Patria Galega, a cuio afán teórico pouco temos que engadir. Digo máis: Conservamos firmes e rexos os fundamentos? Qué fica do espírito e forteza das Irmandades?

Mais nada, amigo Rosende. Sirva esta cativa esposición de homaxe á lembranza do gran teórico galeguista e a tódolos persoaxes dinos da Patria que il inmortalizóu nos seus árticos maxistrales.

Recibe unha querendosa aperta do teu amigo.

Correo de Galicia, Buenos Aires, Maio 1977

Ramón Cabanillas:
Poeta da Raza

Fai anos, cando estaba correxindo as probas do meu libro "Poemas Populares Galegos", pedinlle a un renomado catedrático de literatura galega o seu parecer sobor dos meus poemas

—Recórdanme a Cabanillas. Non debes ser escravo da forma.

A primeira impresión que tiven foi de satisfacción. Qué máis quixera eu que asemellarme ó Poeta da Raza! Pero axiña fiquéi abraiado cando sentenciou:

—Cabanillas é un poeta morto.

Coido que oxe o devandito catedrático, home xa maduro, non falaría do mesmo xeito. Daquela, a protesta estaba no seu cénit. Tenzoábase facer da poesía un arma de loita. E así empoleirábanse ós máis outo poetas, moitas vegadas con zigzagueos de gran mestría metafórica —pra burlar a censura— que eu chamaría pseudofilósofos, condicionados por sentencias e ideas sociopolíticas exclusivamente.

A literatura galega estaba mergullada nun círculo de tertulias e capelas, que, esquecéndose da longa evolución galeguista perante máis de cen anos, coidábase creador de maneiras reivindicativas inéditas. Somentes Rosalía, Curros e Carvajal, iste pola súa obra en prosa "**O catecismo do labrego**", eran considerados depositarios da "mensaxe", inda que cativo.

Eu que, emigrante, atopeime con Cabanillas por primeira vegada, ós dazaséis anos, teño que recoñecer o impato que me causou "**Camiños no tempo**", cuio limiar di: "Agroma hoxe o albre novo da nosa Editorial co volume primeiro da Biblioteca de Galicia e campa na súa cara o nome de Ramón Cabanillas porque ¿cal outro podería levar?"

A afirmación rotunda do catedrático galego forzosamente tiña que me deixar varado. Meses máis tarde, don Leandro Carré Albarellos, cuio pasamento choramos iste febreiro derradeiro, decíamo nunha sinificativa e garimosa carta: "As suas poesías están ateigadas de acedumes e berros anguriosos, mas non chorimiqueiros como algúns din dos nosos grandes poetas xa mortos que en todos os tempos ergueron as suas voces de protesta e de revoltada queixa contra as inxusticias sociaes e máis as candas e trabucos que zugaban o zume vidal das nosas xentes labregas..."

Carré Albarellos, tiña, abofé, unha certa visión do intre literario daquil tempo. As suas verbas afincáronme na idea que me tiña formado e fiquéi máis engaiolado, se cabe, pola rexa voz do noso grande poeta xa morto.

A Real Academia Acertou

'Dende hai trece anos, vense celebrando o **Día das Letras Galegas**. Pódese disentir do acerto na escolma dos diferentes persoeiros homenaxeados perante istos anos; pero debemos recoñecer que o poeta escolleito iste ano Santo Compostelano, don Ramón Cabanillas Enríquez, enterrado a carón da Rosalía no Panteón de Galegos Ilustres do Convento de Santo Domingo e de cuio nacemento (3-6-1876) celebramos

o centenario, é merecente indiscutíbel das máis afervoadas loubanzas en traballos literarios, en tesis doutorales inclusive, asé como acreedor de espacios radiotelevisivos e conferencias de divulgación que rememoren o loureado poeta.

Cabanillas colma todas as esixencias poéticas, abala concencias, ten folgos pra mallar nos caciques, acada os máis outos cumes místicos, canta dende o máis íntimo do sentimento, é un mestre ouservador da paisaxe, un orfebre da lingoa e da forma métrica. Cabanillas desenterra as verbas máis enxebres pra engastalas, con mau de artista, e cun estilo inconfundíbel, nas suas ricaces alfaias poéticas. Deica oxe, é o máis esuberante, variado, culto e completo vate de Galicia. O cambadés tanxéu todas as cordas da nosa lírica, acadando cumes nunca conqueridos polas nosas letras. Ninguén, coma don Ramón, foi depositario dunha formación clásica tan outa. Boa mostra témola nas suas traducións clásicas e modernas: "**Versos de alleas terras e de tempos idos**", son poemas verquidos de culturas alleas á nosa fala mensaxes, dramas, espresión e berros íntimos suscitados no decorrer da historia.

Cabanillas traduce con tal mestría os epigramas inxeniosos e chispeantes do Marcial, honra das letras latinas, que talmentes parecen ter xurdido nas fragas da nosa Terra: **Un feixe de descarados / a teu rendor fan coro / gabando con outos brados / os teus discursos no foro / a este fato de larpeiros / non lle importan teus falares / alaudan os cociñeiros / que proparan teus xantares.**

Escoitade agora a Fedro, o fabulista latino tradutor do grego Esopo: **Unha vaca; unha cabra e unha ovella / toparon cun lion de gran guedella / na espesura do mato / e con el asinaron o contrato / pra adicarse a cazar en sociedade / con toda lealtade / e a condición de que peza collida / fose en esautas partes / entre os catro parceiros repartida / presa das suas cazadoras artes / a testa encornada e pe lixeiro / un cervo foi o que caieo primeiro / e, cumprido o disposto / foi xustamente en catro anacos posto / e velos o lion ruxeu e dlxo / con pouta levantada e voz de amo: / —¡Que me toca o primeiro... eso e fixo / porque Lion me chamo / o segundo e pra mín por mais valenle / terceiro tamen porque son forte / e no que fai a parte derradeira / o que lle meta o dente / anda buscando a morte / sin mais falar, eisi desta maneira / sinxela e porcamente / arramplou o lion coa peza enteira.**

O gran lírico Heine faise noso coas acertadas verbas de Cabanillas:

Sentirás un bater seco, inqueda / si pos a man enriba do meu peito / é un carpinteiro que no fondo, arlante / labra meu cadaleito / bate que bate con tenzón aveza / non o podo aturar nin repetir.../ acaba, carpinteiro, acaba apresado / e deixame durmir!

Cabanillas Poeta Civil

Emigrante en Cuba, enche o oco do progresista Curros —morto na Habana dous anos antes — co seus libros de poesía cívico-agraria: **No desterro (1913)** e **Vento Mareiro (1915)** que con **Da Terra Asoballada**, publicada en Arousa o ano 1917, xa de volta á Galicia forman a triloxía de poesía social, de loita e de fervoroso

amor á Raza. Cabanillas, na Habana, xunto ó crego Basilio Alvarez, home de oratoria fácil, gran loitador en pro dos agrarios e na Patria, acarón de Antón Villar Ponte, Viqueira, Porteiro Garea, Castelao, etc., formando nas Irmandades da Fala dende os primeiros intres, loitou ó servizo da causa galeguista. Os caciques os foros, a inxusticia foron combatidos en poemas valentes como iste: **Agrilloado por ladros e caciques / amos sin lei e sin honor: famento / do día de xusticia que alumee / a libertá dos servos / do día en que o fouciño / mangado nun fungueiro / sin piedá, sin perdón, a lume e sangue / dende os castros suevos / as covas en que os lobos se entobaron / baixe en nome de Dios e do dereito / buscando redención... camiño adiante / alexase da aldea o bon labrego.**

¿Quén non sinte a door do noso gran poeta cando lembrándose das guerras en Marruecos di: ...—**Honor. África. Patria / Loita. Triunfo. Diñeiro— / O honor! a Patria! (a sangue xenesrosa / da mocidade, a regos) / millions! millions! (a anemia / a fame dos obreiros / os farrapos dos probes / o suor dos labregos) / África! (a cova tráxica, sin fondo / do honor e do diñeiro) ...**

Il quere un posto na vanguardia da loita: ...**Xa sei, xa sei que fan falla / moitas fouces, moitos mistos / e moitos feixes de palla! ... Patriano, o meu rogo escoita! / eu quero un posto a tua veira / no roxo día da loita!**

No derradeiro terceto do soneto adicado a Basilio Alvarez di: **Xa a lus do sol do mediodía cega / sementador! sementador! xa é hora / de dar o berro e començar a sega!**

Non podemos esquecer a gran sona que adequeriron os poemas combativos de Cabanillas nas xuntanzas agrarias daquela época: ...**Todo pra nosa Galicia / fror de totalas virtudes / pra sedenta de xusticia / ferida de escravitudes! / namentras a sangue vibre / en beizos e corazón / a esperanza de vela libre / e este berro: redención! / xuremos! dereito ou torto / sin mais alcuño ni achego / doente ou san, vivo ou morto / gallego... soio gallego!"**

O Hino ACCIÓN GALLEGA ¿ten algo que envexar á poesía de protesta de oxe en día? Pensemos que foi publicada fai 60 anos: **Irmans! irmans gallegos! / dende Ortegal o Miño / a folla do fouciño fagamos rebrillar / que vexa a vila podre / coveira da canalla/ a aldea que traballa / disposta pra loitar / antes que ser escravo / irmans, irmans gallegos / que corra a sangue a regos / dende a montana o mar...**

O Galo Negro é o cacique de Galicia na metáfora do Vate das Rias Baixas: **Toda Galicia / e unha ringleira de galiñeiros / cada viliña, cada parroquia / ten o seu galo, seu galo negro! ...irmans, oide! / sempre teremos / de ser escravos / pitiñas mansas, pitos coirentos? / irmans! Galicia/ unha ringleira de galiñeiros ... / Todos a unha! / matem os galos negros!**

Tamén o bardo das Irmandades da Fala ten verbas acedas pra Castela en **Miserere!: Morre abalada, a Galicia / baixo a pouta castelán: / temos fame de xusticia, fame de lobo e de can / pobre de nos! / Dios nos acolla da sua man!...**

Xa de volta ó seu mar de Arousa en **Meu Carriño:... Rola polos meus eidos! / anque hai lama no camiño / e tua terra, meu carriño / e a terra de meus abos /**

non collas pra chan alleo / non me leves a Castela / que non quero nada déla / xa que arrenegou de nos! / ... Canta, meu carriño, canta / a redención esquencida / a dor da terra ferida de traidores e ladróns / ...E dille os hirmans que atopas / que nas mans dun home enteiro / o estadullo carreteiro / non lle ten medo o fusil!;..

En pe! é un poema na mesma liña adicado ó Lois Porteiro: **Validos de traidores / a noite de Frouseira / patria escravizaron / uns reises de Castela / comestas polo tempo / xa afloxan as cadeas ... / irmans asoballados / de xentes estranxeiras / ergamola bandeira azul e branca! / e ó pe da enseña da nazón galega / cantemolo dereito / a libertar a terra!...**

Coido que neste cativo traballo, queda craro o que representóu Cabanillas na segunda década deste sigro. Il foi o vate do Galeguismo, esnaquizado mais tarde pola forza das armas: Non sería xusto esquecer a súa laboura xigante nas letras agrario-cívico-sociales.

Na Noite Estrelecida e Samos

Outra temática, que tanxéu a lira do Cambadés, foi unha poesía épica, de evocacións celtas, que poderíamos chamar racial. **A espada Escalibor. O cabaleiro do Sant Grial, o sono do Rei Artur** conqueriron outuras endexamáls acadados polas nosas letras. Nistes poemas, de temática artúrica, inspirados nos libros de fazañas cabaleirescas, o poeta vencella as lendas bretonas á nosa Terra. Así a espada Escalibor é recollida polo profeta Merlín na ínsua de Salvora e "o cabaleiro máis varil" que consegue erguer o "máxico aceiro", tendido os pés de Merlín, é o fillo ds Uther, o "forte mozo esgrevio que é coroao Rei".

Rei Artur xunta os cabaleiros "Os da Taboa Redonda" e failles encargo de ir a conquerir o Sant Grial: **Galahaz, derradeiro, colle estreita vereda / que se adentra no monte, inquedante e segreda / e tras longas vicesitudes trunfante e cheo de ledicia / entrou camiño adiante, en terras de Galicia.**

... Rube o nobre cabaleiro / no seu soño a cabalgar / a montaña milagreara / do Cebreiro-Montsalvat... onde seus ollos ven a miragre / encol da ara do altar / a luz infinda, relumbra / o cáliz do Sant Grial!

Tamén o Rei Artur durme o seu sono en Galicia: **E levandoo a unha furna que en fio da Ribeira / froría como un ledo xardín en primaveira / deitarono nun leito de follas e de rosas / na man a espada sagra das lides fazañosas.**

Con istes poemas de esaltación patriótica, con tanta riqueza de imáxenes, espléndida versificación e discrición fermosísimas, Don Ramón Cabanillas deu prestixio artístico ó noso idioma, trocáu o galego nunha lingoa literaria capaz de espresar grandes epopeias. Esta plenitude atinguíuna en Samos, (1958). Iste é un gran poema, abondoso en riqueza poética, cun léxico puro, fluído e de inspiración espontánea. Galicia, con esta xoia ben se pode gabar. Iste poema sereno no que **"Eu consagro a el señor Yambos Lixeiros / e Troqueos Rolantes"** é a culminación da obra inmortal de Cabanillas. Libre de partidismos e lonxe de circuios viciosos, o

artista, adornado de cultura ampla, e domeando a técnica e a métrica maxistralmente, mergúllase no ambiente conventual enrestando pareados, endecasílabos, sonetos, alexandrinos e combinacións modernistas eheas de musicalidá e armonía, que nos describen a fundación do Monasterio, a vida da Comunidá, os rezos das Horas, o Alciprés e a Ermida, o Río, a Paz, a Soedade etc. con verosimilitude, sobriedá, intuición artística e un estilo singular que retrata o carácter íntimo, puro e noble do corazón do escritor.

O Real Monasterio de Samos ten o deber de celebrar con apoteosis o centenario do extraordinario poeta, que soupo fundar, con acento sublime, a idea relixiosa, a lenda e a fantasía neste milagreiro poema épico.

Autor de Teatro; Romances e Sonetos

A man da santiña (1921), en prosa poética, trata, por primeira vegada no idioma galego, os costumes do pazo. Con esta obra, estrenada na Cruña, Cabanillas pon o seu grao de área no campo do teatro galego.

O Mariscal (1926), feito en colaboración con Villar Ponte, foi a obra teatral que lle deu maiores honores. Incluso inspirou unha ópera de Rodríguez Losada, que se estreou en Vigo o ano 1929. É un drama, baseado na fadal morte de Pero Pardo de Cela, que os autores convirten en herói nacional, morto polos partidarios da política centralista dos Reises Católicos.

Outra faceta deste gran polifacético, son os seus romances, unhas vegadas históricos, nos que canta feitos como a morte de Don Sancho, fillo do Rei Alfonso sexto, na batalla de Uclés: **Si el non morrera, Galicia / outra virías a ser / que non vivirás de alleo / podendo vivir do ten!** Outras vegadas son contos fermosos como **Dous raposos, A filla do Rei ou O vello que foi ladrón**. As narracións de Don Ramón, cheas de intelixencia, son vivos e rápidos cadros da vida real, ou da natureza, que deleitan a imaxinación do leutor.

Non podemos tampouco esquecer o soneto na obra de Cabanillas: **Doña Urraca, Xelmirez, Pedro Froilaz, Pondal, Brañas, Murguía, Basilio Alvarez**, e unha chea de moitos outros, espallados por todos os seus libros. Os endecasílabos, nas maus do laureado poeta do mar de Arousa, son música que penetra docementos na ialma. Sirva de exemplo o IV dos seis que compoñen **Sono dourado: A traición e ás inxusticias xordo e cego / sobre todas as cousas deste mundo / arrolar meu amor nobre e profundo / a redención do escravo chan galego / e si un día felis contra a inxusticia / nos agros celtas o cramor se escolta / ser dos primeiros en abrir a loita / baixo a santa bandeira de Galicia / seguila sempre e o lavar o ultraxe / dese feudal, sangrento vasallaxe / que lle impón, contra lei, a Irmán Castela /ou no aberto combate malferido / o pe dun valo vello e frorecido / unha mañan de sol morrer por ela!**

Poeta Lírico

Cabanillas merece plenamente iste calificativo. Il soupo descubrir a beleza intensamente, con facultades creadoras de iluminado. Home de espírito esquisito, transmitíunos as suas vivencias sicolóxicas cunha plenitude de fondo e forma insuperables: **Tronzou un vento tráxico a roseira... / non haberá mais rosas no xardín! / Apagouse a estrelíña do meu ceo... / non volverá a locir! / Camiñante que o pe da miña chouza / detiñaste escoitando meu cantar / sigue adiante... meus beizos para sempre / pechados estarán.**

No prólogo de **A rosa de cen follas** cóntanos, lembrando a Rosalía, Bacquer e Heine, que o libro, subtulado **Breviario de un amor**, naceu nos días lumioses en que "a vida é unha cantiga nos beizos e un feixe de rosas na man". Mais adiante engade que istes poemas "salváronse do lume gracias a unha estampa do século XIX que apresentaba unha mociña bicada por un ralo de lúa, lendo un libriño de amor. O autor decide publicar istes poemas... "Por si a mociña de entón ten unha neta...!".

De qué grande perda salvóu a estampa romántica as nosas letras! Nistes poemas, dende a problemática metafísica e os sentimentos máis íntimos e verdadeiros regálanos o mestre co arte da espresión auténtica da sua vida interior: **Teño un teu retratiño / bonito porque sí / ten a gracia dos días / en que te conocín / estás mesmo falando / as mans frores de lis / os ollos chiscadores / os beizos a frorir / diante do teu retrato / vaise o tempo a fuxir / e paso as horas mortas / decindo para min: /ai, si fora tan boa / como parece aquí!**

Inda nos meus beizos arde / con labaradas de febre / o bico de aquela tarde / que puxeche nel non sei / tempo e tempo que vivirá / de outro mal non morrerei!

Autógrafos e grafoloxia de Cabanillas

O "Poeta de Raza" era un home comunicativo. Nunha carta que me escribú dende Baracaldo "**onde estou pasando, cheo de achaques, este inverno**" laiábase: "**ando mal da vista, do oído e inda da cabeza pois estou floxo de memorias**".

Sinxelamente, il mesmo, resumíume a sua xuventú: "**Fun seminarista en San Martín Pinarío de Santiago, mais dimpois o mundo levoume por outros camiños e cangáronme con traballos que non me consentiron dedicar o tempo que quixera a literatura que cultivei somentes antre espazos arredados as veces catro ou cinco anos**".

Nas cartas, coma nos seus libros, reverte amor polos eidos que o viron nacer e aconsellóume: "**Non deixe de ver as rias baixas; na de Arousa está o pobiño curial e mariñeiro de Cambados, onde nacín: coido que lle gustara pois conserva inda uns pazos que din do seu esplendor no século XVIII**".

Cabanillas agradecía as verbas amigas: "**Na vellez e un consolo sentirse recordado**" e gustaba de dar consellos: "**Dedicación constantie**", "**non canse de traballar e de polir, non perda un xiro**". Unha e outra vegada a mesma teima. Lendo a sua obra non difícil decatarse que tamén il cumpríu ista norma. Cabanillas era un namorado do galego. Noi percoraba trunfos, nen loureiros nen homenaxes. O

seu fin primeiro foi sempre enriquecer, pulir e dar categoría universal á nosa lingua.

"A min sempre me interesou, mais que a poesía, a fala; a nosa fala que tanto interesa xa os filólogos, unha canteira inesplorada que cada día descobre belezas insospeitadas".

Oxendía a grafoloxía é unha verdadeira ciencia. ¿Qué nos di, remato, o estudio grafolóxico de poeta?

Algunhas características que ouservamos axiña son: Bondá Delicadeza. Cortesía, Estética. Imaxinación... (Letra crara, redonda, con certa lentitude, as maiúsculas proporcionadas, escritura ordenada, fina, fluida, pulcra, austera e con adornos moderados. O acento no "i" denota idealismo. O "ñ" ponderación, o "d" cardialidá. O "g" sensualidá normal. O "f" equilibrio espiritual e material. O "t" gosto pola vida sedentaria. O "r" vivacidade cultural... A súa firma denota sinxeleza, elegancia e seguridá na súa personalidá. O conxunto e os marxes confirman a armonía ordenada.)

Correo Gallego, Buenos Aires, Maio 1976

Libro ¡A Nosa Terra! Homenaxe a Ramón Cabanillas no seu centenario, 3-6-1976

El Progreso, 14-9-80

PRIMEIRO CABODANO DO PASAMENTO DE VALENTIN FERNANDEZ

Penséi, lector amigo, que sería do teu interés franquearche a intimidade da abondosa correspondencia que mantiven perante oito anos co gran amigo chorado, porque que podo engadir eu de Valentín que non seña nova reiteración, ou escolma do que xa dixeron esgrevios persoeiros da colectividade galega de Bos Aires, ou as mellores firmas da nosa Terra?

A orixen da nosa amizade arranca de Don Manuel Puente. Eu remesáralle ó gran Mecenaz galego, o meu libro de "Poemas Populares Galegos" por consello do incansable Basilio Losada, que traballaba daquela na Segredaría do noso Centro Gallego en Barcelona facendo unha laboura patriótica meritísima de intercambio cultural —libros, periódicos, conferencias, etc.— Na carta acuso de recibo D. Manuel escribíame:

"Se lle podo pedir un favor atévome a decirlle que entre os nomes falta o de Valentín... É a nosa ialma e o motor que xenera a vitalidade do grupo de emigrantes que tanto traballa neste Buenos Aires. Fágao. É de xusticia!"

Desta maneira encetouse a fonda amizade epistolar entre Valentín Fernández e mais eu así como a miña colaboración en CORREO DE GALICIA, A NOSA TERRA, ALBORADA e GALICIA, dirixidas polo esgrevio santiagués, secretario de Cultura do Centro Gallego de Bos Aires.

Pódese decir que o Grupo "Nos" do Plata vive naquelas datas unha idade de ouro gracias ás abundosas axudas de D. Manuel Puente e á entrega total de Valentín, que traduce en feitos as inquedanzas culturaes galeguistas do benemérito Mecenaz, valedor económico de CORREO de GALICIA e publicacións básicas como SEMPRE EN GALIZA, "libro indispensable pra vostede e a súa formación castelián..."

Valentín Fernández era un home fundamente compenetrado coa idea intelectual de D. Manuel Puente. Estaban convencidos ambos e dous — "sempre convén ter algo que poder ler nos intres de vagar" escribíame — que os libros eran a chave do desenrolo galego e a semente de posteriores inquedanzas e logros máis comprometidos.

Así encheron o vacío cultural en que estábamos inmersos, publicando obras que concienciaran ó leutor, e abriron as páxinas de CORREO de GALICIA a todos cantos tiñamos algo qué decir, aguilloados polo compromiso afeuzado do amor patrio. Tamén organizaron o Festival Celta, Os Xogos Floraes de Buenos Aires e As Xornadas da Patria Galega e vimos enriquecer as nosas cativas bibliotecas cos clásicos do pensamento Galego: Castelao, Viqueira, Risco, Villar Ponte, Bóveda (libros prohibidos en España) e os novos: 'Costa Clavell, Manuel María, Rey Romero, Neira Vilas, Molinari, etc., así como a monumental HISTORIA DE GALICIA de Otero Pedrayo o e documentado libro de esculca popular SANTA MARTA DE MOREIRAS de BenChoSei.

Cando a enfermidade adónase de D. Manuel, Valentín escribeme descorazonado: "Está ferido de morte! Non sabes canto supón esto prá Patria do que él é fillo benemérito. Os seus días están contados. É unha disgracia pra Galicia. O

cancro non perdóa". Valentín decátase da perda irremediable. Sabía que coa morte do petrucio bon e xeneroso, findábase o sostén económico da grande obra encetada, que, daquela enchía o valeiro maguante que atenazaba á Terra domeada polo centralismo; pero afirmaba: "Hai que manter a fe, estreitar filas e seguir traballando pola nosa Patria".

Cada vegada con máis atrancos, Valentín seguía coa súa teima inda que "pra pagar o coste de impresión ando a pedir polas portas coma un moinante". "Todo canga sobor de dez ou doce persoas... pero estamos dispostos a facer, coste o que coste, a monumental HISTORIA de GALICIA".

Nas suas cartas, Valentín, a quen non chegué a coñecer personalmente apesares de que no vrau do 1974 pasou por Barcelona e daquela estaba eu en Galicia, demostra a súa gran humanidá, o seu espírito crítico, que era un home activo, aberto, capaz de zorregar con forza cando o coidaba de zusticia... Referíndose á "labor burda"alcontra do libro de Celso Emilio Ferrara VIAXE AO PAÍS DOS ANANOS, desatada en Bos Aires, escribe: "Estos ataques son os mesmos que sufriu Curros na Habana. Celso ten moita razón cando fala dos ananos".

Cando o éxito colma o seu traballo espresa a súa ledicia sinxelamente: "Eu conseguín a Praza de Castelao por meio do Ministro Vitolo, bo amigo dos galegos". "Co libro da Bóveda espero trunfar". "En Edicións NOS, traballamos de cote por Galicia con todo amor e paixón".

Pero os contratemplos e a enfermidade —sufriera a primeira operación no 1970—conqueriron erosionar pouco a pouco aquela fortaleza céltiga. As estreitezcas económicas, pra seguir desenrolando a súa labor cultural, cada vegada eran máis dramáticas mingando a produción editorial. "O Correo de Galicia non sei por canto tempo poderemos mantelo"... E il, que síntese galego hastra escribir: "Ir a Galicia, pra nos, é o mesmo que pros mahometanos ir á Meca. É unha peregrinación que nos fai ben" coma o mellor dos arxentinos, láíase do drama da inflación do país do Plata: "Dende logo no Governó anterior xa estaba a campa preparada pra este nobre país. Nin facendo as cousas a proposito se podían facer pior".

En marzo do 1976 o amigo Valentín escribíume unha carta pola súa man na que me decía: "Levo dous meses internado por mor de duas operacións. Aínda vou mellorando". E xa no 13-10-76 recibín a derradeira, que me apenou profundamente, esta vegada escrita pola súa secretaria María do Carme, pra felicitar-me por ter sido premiado nun concurso literario: "El precario estado de salud del señor Valentín..."

A historia repetíase como seis anos denantes. Eu traducía: aquelas verbas en castelán, lembrándome das sentidas palabras de Valentín con ocasión da enfermidade de don Manuel Puente:

"E unha gran disgracia pra Galicia. Esta ferido de morte!

Correo de Galicia, Buenos Aires, Novembro 1977

López Ferreiro no Día das letras Galegas

O gran erudito Antonio López Ferreiro nacéu en Santiago (9-11-1837) e morréu en San Pedro de Vilanova-Vedra (20-3-1910). Estudou a carreira eclesiástica, Filosofía e Letras e Dreito na cidá nadal. Doutorouse en Teoloxía e foi alumno na Escola Diplomática. Como historiador publicou, entre os anos 1898 e 1909 once tomos da «Historia de la Santa Metropolitana Iglesia Apostólica de Santiago de Compostela». Foi coengo da catedral compostelana e académico numerario fundador da Academia Gallega.

López Ferreiro foi humilde e caritativo, dinos Carballo Calero e as súas virtudes realzan a súa sabiduría e intelixencia.

Antonio López Ferreiro publicou en galego «A Tecedeira de Bonaval (1894) no xornal carlista «El Pensamiento Gallego» de Santiago; «O Castelo de Pambre» (1895} no mesmo xornal baixo o pseudónimo «K» e «O niño de pombas» como mesmo rubro en «El Correo de Galicia». En 1895 Martínez Salazar publicou «A Tecedeira de Bonaval un dos libros máis estimados de «Biblioteca Gallega». As tres novelas foron reeditadas en 1953 por Bibliófilos Gallegos-Biblioteca de Galicia-Tomo VII, de Santiago cun limiar de Paulino Pedret Casado.

O POR QUE DE ESCRIBIR EN GALEGO

En «Un aviso ao bondoso leutor», explica as razóns que o moveron a escribir na nosa fala: «O autor que é un vello cansado, achaba bálsamo prás súas feridas, nos recordos, na historia, nas cousas da patria explicadas nas mesmas frases dos nosos abós». López Ferreiro engade algunhas das razóns de súa ortografía, apartándose por veces «do insine e malogrado Saco e Arce e das regras que tan sabeamente sentou Valladares no seu dicionario galego». E prefiere repetir vocales breves cando teñen valor largo, pra que non perdan a moleza que está tan ben na nosa fala». Tras varias consideracións sobor do emprego do «X», manifesta o anxeio de que os filólogos estudian a etimoloxía e a gramática da nosa lingua e ten unha lembranza pra cantos respetaron o noso romance, como Alfonso X o Sabio, o Marqués de Santillana e Cervantes, de cuia obra inmortal escolma varios modismos e ditos, vivos aínda na nosa fala.

Vicetto xa escribirá novelas históricas en castelán. Walter Scott, creador sublime daquil xénero ficaba moi pretérito e o público prefería a novela realista; nembargantes a nosa literatura débelle a López Ferreiro o ter empregado aquil xenero inédito en Galicia. As súas novelas son fontes de consulta porque nelas describe maxistralmente os mosteiros de Carboeiro, de Sobrado, as eirexas de Ansemil, Leboeiro, Mezonzo, Sta. María de Melide, o Castelo de Pambre...; descifra inscricións e documentos antiquísimos e relata feitos de personaxes feudales e da eirexa, mergullándonos, sempre nunha liña histórico-didáctica, na problemática do século XII (Alfonso VII, o Conde de Traba, Doña Urraca, Xelmírez, as guerras con Portugal...); nas liortas medievales do século XIV (os Ulloas, Andrades, o rey Enrique II

en loita co seu irmáu en Montiel, Fernando de Castro. Vasco Gómez das Seixas); os enfrontamentos entre o Concello e o Cabildo de Santiago no século XVI (Froitoso de Ulloa, Rodrigo de Bendaña, o Arzobispo D. Gaspar de Abalos.), regalándonos coa «máis acertada evocación dunha época» como ben dixo Otero Pedrayo.

ESPOSICION BREVE DAS SUAS NOVELAS O NIÑO DE POMBAS

Gondesindo, Caín da familia, pretende arramplar con todos os bés dos irmáus eponse da banda do rei de Portugal, entregándolle a Sancho. A Elvira téna presa no castelo de Gondulfe e á Mariña non lle queda outro consolo nen axuda ca o de Ramil, seu primo, que ó pretender liberar a Sancho, fica prisioneiro dos portuxeses.

Nunha carta decláralle o seu amor a Mariña. Ela, namorada tamén, acude en procura de consello a un ermitaño tudesco, quen a encamina a Carboeiro cabo do abade Froilán. Non é posible o casamento entre primos porque a Eirexa prohíbeo, pero o Abade pídelles que non desespere

Fernando, mensaxeiro de Ramil, entrégalle a Mariña dúas pombas. Ela acude novamente a Carboeiro e o Abade Froilán cóntalle un segredo: Ramil fora abandonado diante dunha eirexa por unha noble dama estranxeira chamada Ermemberga e adoptado polos tíos de Mariña, Ramil e Adosinda. Canxeados Ramil e Sancho, o Abade Froilán bendice o matrimonio e a verdadeira nai de Ramil, en perigrinación a Santiago, agasalla ós seus fillos con dúas arquiñas acuguladas de colares, medallós de ouro, diademas, esporas de ouro e un puño de espada rematado cunha esmeralda.

O CASTELO DE PAMBRE

Gonzalo de Ozores, aliado de D. Pedro, vencido en Montiel no 1369 polo seu irmáu Enrique II, perde as posicións de Ulloa, que pasan ó señor de Sampayo Vasco Gómez das Seixas. Enrique II entrega Gonzalo Ozores a Duguesclín que o leva prisioneiro a Francia.

Fermín Vázquez, soborna os gardas e consegue a libértade de Gonzalo e disfrazados de frades, refúxianse no mosteiro de Sobrado.

Beringuela, filla do señor de Vilar de Mella, asidua visitante do mosteiro, fai de enlace entre Gonzalo Ozores e seu pai, que convoca unha xunta na eirexa de Pambre, pra loitar contra o señor de Sampayo.

Beringuela, de volta da boda de Lionor en Mezonzo, atópase conque os vasallos de Vasco das Seixas, comandados polo seu fillo Nuño, prenderon lume no pazo. Cos seus pais, o señor de Vilar e Doña Eldonza, pasa ós calabozos de Castro das Seixas.

Gonzalo de Ozores co señor de de Páez de Soutomayor e os amigos de Camba e Deza, recupera o castelo de Curbián, berce dos Ulloas.

Unha nova batalla enfrenta a Gonzalo de Ozores co señor de Sampayo en

Ambreixo onde atopa a morte o seu fillo Nuño. Logo simula un ataque ó castelo petrucio de Vasco Gómez acarón do río Narla, namentras Fernán Vázquez, vestido de mendigo, conquire entrar no Castro das Seixas pra se informar da situación do pazo e porse en contado cos presos, entregándolle a Beringuela unha carta na que Gonzalo Ozores decláralle o seu amor.

O señor de Ulloa ataca por sorpresa o Castro das Seixas libertando ós señores de Vilar de Mella e a Biringuela, que tanto lle valeran contra o señor de Sampayo e obriga a iste a renunciar a todos os bes usurpados.

Cando todo parecía disposto pra casaren Gonzalo e Beringuela, o señor de Ulloa aceta o ofrecemento que lle fai o poderoso D. Alvaro Páez de Soutomayor e casa coa sua filla Doña María.

Beringuela faise freira en Dorneá.

A TERCEDEIRA DE BONAVAL

Nista novela A. López Ferreiro relata o enfrentamento dos poderes civil e relixioso en Compostela. Por unha banda o señor Froitoso de Ulloa, o seu xenro e rexidor Vasco de Viveiro, o Alcalde Xan López de Cangas é o escribano Xan de Casal, que conspiran pra librarse da opresión do Arzobispo D. Gaspar de Abalos.

Doutra banda D. Rodrigo de Bendaña, Martín e Froitoso Galos, Lois de Barros e o licenciado Peñaranda partidarios do Arzobispo.

Mistúrase unha sinxela relación amorosa: Catuxa quer casar a sua filla Teresa con Gonzalvo, rapaz con rico porvir ó servizo do señor de Ulloa. Teresa, nembargantes. está namorada de Rodrigo, que traballa na oficina do Provisorio. Iste é un rapaz insobornable e adicto ó Arzobispo

Gonzalo pretende matar a Rodrigo; pero morre a maus dos alguaciles do Arzobispo por circular de noite apesares do toque de queda.

Catuxa coida que o noivo da sua filla foi o criminal e faille a vida imposible a Teresa hastra que o señor de Bendaña, refuxiado na sua casa por mor dos tumultos populares anticlericales, a convence do seu error. A novela finda co casamento da Teresa e o Ramiro.

UN PREGO...

Non é moito o que se pode falar de López Ferreiro en tan poucas llanas; pero non quero findar sen deixar constancia do fervor que me embargou cando lin por primeira vegada as suas novelas, na miña mocedad. Certo que, por veces, as longas citas documentales e descritivas esmagan ó profano. O mesmo López Ferreiro decátase e pide indulxencia ó lector, pero hai que valorar o seu mérito de esculca histórica, o garimo con que o sabio describe a arquitectura galega e, xa no plano literario, as narracións amenas e o seu galego vivo, cheo de voces enxebres e ditos populares. Tampouco se debe ter en conta a maneira infantil de tratar os intreos amorosos, tan alleos á sua vocación relixiosa.

O derradeiro vrau visitéi con D. Anxel Fole e D. Benjamín Andrade o Castelo de Pambre, convertido nunha corte de vacas. Somente fican ergueitos os reos muros de cantería...

Ogallá que as Autoridades lean o noso homenaxeado oficial deste ano, co gallo do Día das Letras Galegas: Habían mirar máis polo legado que nos deixaron os nosos devanceiros, abofé.

El Progreso, 21 Maio 1978

No primeiro cabodano do seu pasamento

O mensaxe de Celso non morrerá

O vinteoito de Outono, horas antes do homenaxe tributado a Celso Emilio en Compostela, Xesús Alonso Montero escribía: "Poucas veces a morte dun intelectual ten sido mais sentida entre nós". O profesor non estaba trabucado. Unha moitedume afervoadada acudiu á chamada dos intelectuales e dos poetas pra homenaxear ó cantor civil mais popular da Iberia nos derradelros anos. A Iberia, sí, porque o mensaxe do escritor galego rebordou as fronteiras da nosa Terra coas atinadas traducios ó castelán de "Longa Noite de Pedra" e "Viaxe ao País dos enanos", feitas por Basilio Losada Castro e Xesús Alonso Montero. O meu bon amigo Batlló —poeta tamén— soupo valorar ó vate de Celanova e deu a coñecer a poesía testemuñal de Celso Emilio en gran número de edición bilingües da colección El Bardo, acadando éxitos de venta endexamáis sospeitados por outros poetas en España. Novas edicións viron a luz noutras Editoriales e Akal, na colección Arealonga dirixida por Alonso Montero, publicou o primeiro tomo das súas obras completas no ano setentecincos.

Pero non é a miña intención facer un resumen da obra do autor celanovés. Qué novas podía engadir eu á laboura exhaustiva de tantos críticos que xa teñen enxuciado a obra de Celso Emilio? O meu anxeio é sumarme ós homenaxes que, nistes intres de aniversario de tan irreparable perda, se lle adican en Galicia e mesmo no Estado español e o xeito de cooperar coido que o lograréi espallando as súas ideas, dando a coñecer os seus anxeios, decíndolle ós meus leutores cales eran as causas do seu desacougo, cales os seus proietos, todo elo escolmado na copiosa correspondencia que mantivemos ata o ano setenteoito, nas conversas que tivemos en Barcelona perante as datas da Diada do 77 —qué satisfeito se sentía o Celso na cidá Condal, rebordante de catalanismo, e ateigada de senyeras, soñando cunha concienciación nacional semellante en Galicia— e nunha longa serán de agosto en Vlgo.

POR QUE DO ESITO DE "LONGA NOITE DE PEDRA"

Téñense vertido reguelros de tinta encol de "Longa Noite de Pedra"; dictáronse innúmeras conferencias; unha mancha de cantantes, inspirados nos poemas de protesta e denuncia do vate de Celanova, identificado coa realidade do seu tempo, interpretaron o mensaxe do poeta arreo de Galicia. As magoas, as rebeldías frustradas, as reivindicacións políticas, a loita de cada intre, o rexurdir do pobo foron os móbiles que deron pulo a verba dinámica e creadora do poeta posto ó servizo do país con ética exemplar. Pero quen millor que o propio Celso Emilio Ferreiro pra desvelar a razón do éxito da súa obra?

"Cando un fala sinceramente —escribíame o 24-3-68— e dende "dentro" do povo, a xente síntese interpretada. Algunhos comentaristas coidan que escribo para o povo e non é así. Isi está ben para os poetas preocupados polas modas, que se

poñen a minisaia ou o monobikini, asegún anden os tempos. Pero as modas pasan. O que non pasa é o modo de vivir do noso povo, esquencido na súa servidume de séculos. A miña solldaridade co noso povo é o manantío da miña poesía, fora de toda preocupación literaria chegada de París ou de Nova York".

Noutro intre da súa autocrítica engade:

"Vivimos un tempo desacougado, i eu, coma vostede, estou pola poesía que desacouga, non pola que adormenta... Qué dirían de nos, pasádolos anos, si non falásemos mais que das roseiras e dos cabaleiros da Táboa Redonda? Non é unha moda, é un modo, un xeito de entender aos homes e de interpretar ao mundo. Sempre houbo esta clas de poesía en tódolos tempos, especialmente nos tempos nefastos. En Galicia tamén. E falso o tópico da Galicia lírica que espallan os manuales. A mor parte dos grandes poetas galegos non foron delicuescentes, senón rexos loitadores. E na antigüedad, o mesmo, pois os cancioneros meievales están cheos de cantigas de maldecir e de escarnio que son o trasunto da loita entre os homes en busca da luz e da liberta".

"EU NON DESFALLEZO"

"Os desacougos e contrariedades que me causou a coleitividade galega de Caracas —escribíame no mes de maio do 69— comparados con outras probas que tiven que sufrir ao longo da miña vida non son nada. Por outra parte, eiqui convivo cun grupo minoritario de galegos bós e xenerosos que me compensan de abondo".

Certamente o Celso Emilio viviu unha esperencia mol aceda no seu eisilio voluntario en Venezuela. Ali decatouse de que a maior parte dos emigrantes galegos síntese patriotas de gaita e tamboril cando lembran as festas da aldea. Soio matinan conquistar un maior nivel de vida e o seu alleamento é total. Son unha xente definitivamente perdida pra Galicia tanto no senso espirltoal coma no físico. Os fillos dos emigrantes xa non son galegos e os pais procuran esquencer que o son. O Poeta, que agardaba atoparse cunha colonia galeguista, fai unha esposición detallada e queixosa da súa esperencia en Caracas e engade: "Eu non desfallezo porque hai minorías, por certo mol valiosas. Quedan grupos de galegos que ás veces teñen unha formación deficiente pero están abertos a tódalas Inquedanzas da terra e comprenden perfectamente todo. E o único consolo que me queda na miña tristura de desterrado".

"VIAXE AO PAIS DOS ENANOS"

Froito das súas vivencias en Caracas foi o libro "Viaxe ao país dos enanos". Pra min Iste é o libro millor logrado de Celso Emilio Ferreiro. Coido que o poeta tamén sentía predilección por il. Cómo interpretar, senón, as súas manifestaciós en diferentes datas? O vintecinco de abril de 1968 decíame:

"Degoiro por ver publicado o meu "Viaxe ao país dos enanos" (Celso Emilio emprega a verba enanos, non ananos). Sería mol fermoso que saíra pra o día das Letras Galegas".

O día sete de xaneiro do 69 Celso Emilio Ferreiro dábame a nova de ter recibido o primeiro exemplar do libro pero laiábase: "Saíu mutilado e maltreito, pero espero que teña benévola acollida". E no mes de maio volvía a falar-me do seu libro. Non recibira os exemplares convenidos: "Xa sei que a Editorial foi clausurada, pro ise lamentábel incidente non os libra da súa incorección, pos "Viaxe" está na rúa dende o mes de xaneiro. Agradecereiche me informes si é posíbel mercar algunhos exemplares". Mais adiante engadía: "Estóu mol contento do seu éxito pero non do comportamento da Editorial que, apesares das xestiós de Batlló, non cumpríu".

Está claro que o poeta estaba mol animoso pola acollida do libro que il enceiaba ver na rúa desde facía tempo. E non é de estrañar que esguera tanta polémica entre certos persoeiros e determinadas institucións. Eu, que levo moitos anos vivindo na diáspora, recatéme axifia da intención do autor e abofé que tamén na cidá Condal hai moitos galegos "enanos". Quizaves a miña esperencia, vivindo nunha situación semellanle a que padecéu o noso gran vate, seña a causa de que eu sinta especial predilección por "Viaxe ao país nos enanos".

DESCANSO NO MEDIO DA LOITA

"Terra de Ningures" é un libriño publicado na colección "Val de Lemos" que dirixía Manuel María. Qué nos di Celso Emilio diste feixe de poemas?

"E unha especie de descanso no medio da loita. Unhas cantigas sin outras pretensións que as da refrescancia lírica, pois que un, como quen di, tamén ten o seu corazonciño".

Sí, certamente o gran poeta civil galego, coa publicación diste libriño semellaba ter esgotado todo o seu temperamento apaixonado. Era merecente dun "descanso no medio da loita".

De volta a España, fixóu a súa residencia en Madrí e seguiuse considerando un desterrado, aínda que dun xeito máis levadeiro.

"Eiqué me ten —escribe— neste desterro de Madrude ao seu dispor. Un desterro mitigado polo feito dos meus frecuentes viaxes a Galicia, e pola circunstancia de que nesta cidade viven moitos galegos bos e xenerosos nos que hachan consolo as miñas ausencias".

Celso Emilio sentíase feliz con poder viaxar amiúdo á sua Terra. Puiden constátalo en Vigo hai dous anos. O vrau anterior non me foi posible coincidir co amigo, como agardaba, e a noticia do seu pasamento colléume de volta á cidá Condal enchendo de mágoa o meu peito. Soio nos queda un consolo: O seu mensaxe que non morrerá endexamáis.

Ainda que ten moitas cousas dispersas

Anxel Fole non pensa publicar máis libros

Ainda que curta, a miña estancia en Lugo por motivos familiares, proveiteina para visitar ao ilustre académico don Anxel Fole, que remataba de volver da Coruña onde asistíu a xuntanza conxunta extraordinaria da Real Academia Galega e do Instituto da Língua Galega, na que se aprobaron as normas unificadas do idioma galego.

Manuel Oreste RL

Na sua casa, na rúa Montero Ríos, falamos demoradamente e preguntárnosla cando vai recoller en libro outros artigos, contos —como «Unha rá con moita historia»— traballos en col de lingüística e tantos fermosos poemas espallados en diferentes xornáis e revistas.

«Non pensó publicar mais libros —dinos— aínda que teño moita produción dispersa. Os artigos recollidos en «Cartafolio de Lugo» son a metade dos que escribín ao longo de anos. Os poemas coido que non teñen demasiado interés e os ensaios lingüísticos —engade— pra min son unha distracción, como xogar aos naipes».

A humildade é a gran virtude do escritor Iugués, que iste ano foi agasallado con novos homenaxes que se enrestran aos que xa lle tributóu o seu pobo noutras ocasións polo seu labor literario durante máis de cincuenta anos.

Dende hai varios meses, unha rúa luguesa e un Instituto de ensino levan o nome do famoso escritor, e, derradeiramente, Edicións Xerais de Galicia, S.A., na colección «Grandes Mestres», publicóu HISTORIAS QUE NINGUEN CRE, un feixe de contos do mestre da narrativa galega, que xa coñecíamos —agás «A máscara Antigás»— por diferentes medios de comunicación. Niste libro, ao contrario de A LUS DO CANDIL e TERRA BRAVA, non se nota a presión do campo, da Galicia de sempre. Son contos de «suspense» e policíacos, tema que tanto lle agrada ao ilustre académico.

«Son narracións inventadas —Confesa don Anxel— ás vegadas basadas en feitos que me chamaron a atención, que lies dei forma literaria cun criterio realista».

Próximamente volveréi á Cidade do Sacramento e, como outros anos, con don Anxel faremos varias excursións pola provincia de Lugo. Navia de Suarna, Fonsagrada, Cervantes e Os Aneares son es lugares escolmados pra visitar iste ano co «narrador galego —son verbas dos editores de HISTORIAS QUE NINGUEN CRE— que mellor nos transmitíu as augas limpas e frescas da tradición.

Ainda que ten moitas cousas dispersas

Anxel Fole non pensa publicar máis libros

Ainda que curta, a miña estancia en Lugo por motivos familiares, proveiteina para visitar ao ilustre académico don Anxel Fole, que remataba de volver da Coruña onde asistíu a xuntanza conxunta extraordinaria da Real Academia Galega e do Instituto da Língua Galega, na que se aprobaron as normas unificadas do idioma galego.

Na sua casa, na rúa Montero Ríos, falamos demoradamente e preguntámoslle cando vai recoller en libro outros artigos, contos —como «Unha rá con moita historia»— traballos en col de lingüística e tantos fermosos poemas espallados en diferentes xornáis e revistas.

«Non penso publicar mais libros —dinos— aínda que teño moita produción dispersa. Os artigos recollidos en «Cartafolio de Lugo» son a metade dos que escribín ao longo de anos. Os poemas coido que non teñen demasiado interés e os ensaios lingüísticos —engade— pra min son unha distracción, como xogar aos naipes».

A humildade é a gran virtude do escritor Iugués, que iste ano foi agasallado con novos homenaxes que se enrestran aos que xa lle tributou o seu pobo noutras ocasións polo seu labor literario durante máis de cincuenta anos. Dende hai varios meses, unha rúa luguesa e un Instituto de ensino levan o nome do famoso escritor, e, derradeiramente, Edicións Xerais de Galicia, S.A., na colección «Grandes Mestres», publicou HISTORIAS QUE NINGUEN CRE, un feixe de contos do mestre da narrativa galega, que xa coñecíamos —agás «A máscara Antigás»— por diferentes medios de comunicación. Niste libro, ao contrario de A LUS DO CANDIL e TERRA BRAVA, non se nota a presión do campo, da Galicia de sempre. Son contos de «suspense» e policíacos, tema que tanto lle agrada ao ilustre académico.

«Son narracións inventadas —Confesa don Anxel— ás veces basadas en feitos que me chamaron a atención, que lles dei forma literaria cun criterio realista».

Próximamente volveréi á Cidade do Sacramento e, como outros anos, con don Anxel faremos varias excursións pola provincia de Lugo. Navia de Suarna, Fonsagrada, Cervantes e Os Ancares son os lugares escolmados pra visitar iste ano co «narrador galego —son verbas dos editores de HISTORIAS QUE NINGUEN CRE— que mellor nos transmitiu as augas limpas e frescas da tradición oral.

El Ideal Gallego, 4/8/1982

El Progreso, 22/8/1982

Luis Amado Carballo

A sociedade e as circunstancias que rodean, no tempo e no espazo, aos espritos creadores-filósofos, poetas, pintores, músicos —sen dúbida, condicionan, con máis ou menos incidencia o seu xeito de se expresar.

Nas primeiras décadas deste século, a carón das novas situacións políticas e económicas, en todos os eidos da cultura xurden movementos á procura de novas expresións, que se desvencellan do pasado coa pretensión de crear un pensamento e un arte superior. É o que conocemos por Vanguardismo europeo: Freud crea o psicoanálisis, método que estuda as doenzas, mentáis; James Joyce, o gran novelista irlandés autor de *Ulises*, descubre un novo xeito de narrar, cun diálogo interior cheo de símbolos; Franz Kafka pon de manifesto o absurdo da vida en que se atopa o home; os irmáns Lumiere, co invento do cinematógrafo, orixinan o arte baseado na imaxen; o existencialismo, con Heidegger, dalle un senso novo a Filosofía; Albert Einstein demostra que a velocidade do tempo varía coa posición do observador e según esteña inmóvil ou en movemento, e a creación artística—cubismo e expresionismo na pintura— pretende chegar ao "arte puro", que na poesía manifestase co emprego de verbas de precisión rigurosa e intelectualista —Mallarmé— fuxindo do realismo e do sentimentalismo herdados do Romanticismo o que orixinaria unha resta de "ismos" — futurismo, dadaísmo, creacionismo, surrealismo— dos que o derradeiro é o de maior interés pola importancia que lle dá ao subconsciente, na creación.

"O VANGUARDISMO EUROPEO DE LUIS AMADO CARBALLO"

Todas estas escolas influíron nos escritores españois que souperon xunguir a tradición lírica castelán coas novas tendencias europeas. E xurde un grupo de poetas — a xeneración do 27— que alterna, a "poesía pura" co neopopularismo, e o neogongorismo, cultivando as metáforas, es simbolismos na liña de Paul Valéry e a imaxen, como repulsa da lóxica e do racionalismo, aínda incorporando a estrofa e a métrica tradicional.

Tamén en Galicia zurdeen numerosos poetas —Manuel Antonio, Luis Pimentel, Correa Calderón, Luis Amado Carballo— que se xungen ao vanguardismo europeo. Un dos máximos, representantes é Amado Carballo (1901-1927) a quen se lle adica iste ano o Día das Letras Galegas.

O poeta pontevedrés " dono do segredo de renovar con gracia e poder extraordinario o antigo tema e de suscitar o novo", como dixo Otero Pedrayo, morreu en plena xuventude pero o seu poemario *PROEL* e *O GALO* libro postumo publicadona Coruña en edición de luxo costeadada polos seus amigos— tiveron unha decisiva incidencia na literatura galega.

POETA DO POBO

A poesía de L. Amado Carballo é sensorial, anovadora das cantigas, do pobo, chea de metáforas que xurden con naturalidade e de suxeridoras imaxes poéticas. Tivo unha acollida afervoadada e influiu nunha chea de poetas engaiolados pola súa concepción estética da vida e da paisaxe, do sentimento e do amor.

Amado Carballo, espírito fundamente lírico e gran observador, transformóuno o mundo real en vivencia propia, sen chegar ao irracionalismo nen ao verso libre e prosaico surrealista. A súa poesía é unha poesía humanizada, chea de inxenio e de agudas observacións olladas a través de imaxes e de metáforas que nos dan unha interpretación orixinal da realidade.

O SOL-POR "acorado e roibo / durmíase o día / coa testa deitada / no coló da ria", O FARO "pañó da derradeira despedida", O CRUCEIRO", o xesto monacal de pedra / Benzoa o acougo da aldea", Enterro "ficaron as bagoas / e as despedidas / tamén enterradas," MARÑEIRO "nunha noite de galerna/ os ventos atoparan, como unha cruz teu cadavre / nas mans viudas do mar...

Istes e moitos outros poemas de Amado Carballo como O ABRENTE, VENDIMA, MUIÑEIRA, O CEGO, LIMIAR, e a NOSA BANDELRA, son cantos á natureza, aos costumes, ás persoas sinxelas e ás cousas, que perdurarán nas letras Galegas como prezadas xoias.

Coa atenta lectura da cativa creación — pola cantidade que non pola calidade — Luis Amado Carballo decatámonos axiña que estaba identificado co seu pobo: A door da emigración, a redención da Terra, as angurias dos mariñeiros.

Non se pode decir que é un poeta alleo á problemática galega.

Poeta popular e fundamente relixioso, Amado Carballo "agardaba vivir nunha escola de montaña"— escribe Otero Espasadín -onde se reporía da saúde perdida na bretemosa beiramar, camporía libros de romances e vidas de santos".

Como remate destas breves liñas de homenaxe ao poeta pontevedrés, transcribo SAUDADE; Ao meu ver, un dos máis logrados poemas da lírica galega.

SAUDADE

Menina, pecha a fiestra,
non deixes a noite entrar;
para tebras ben abondan
éestas que comigo varn.

O vento anda espanuxado
oubeando como un can,
e na zanfona do bosque
salouca un tolo cantar.

Que arelas tan fondas sinto
de deixala alma vagar
de perdelo corazón
como unha dorna no mar.

Este fondo mal cue tu teño
ninguén mo pede sandar;
a miña alma no ensono
por vieiro iñorado vai.

E o herdo da rosa raza
esta mágoa de ideal;
sentir remotos degoiros,
chorar sin saber o mal.

Menina... pecha a fiestra,
non deixes á noite entrar;
para tebras ben abundan
éestas que comigo van

Treboada, Revista do Centro Galego de Barcelona, nº 1 Maio/Xuño 1982

Homenaxe a don Anxel Fole

Fol no vrau do 73 cando falei por primeira vegada con D. Anxel Fole. Estaba eu de vacados en Lugo. Un amigo de D. Anxel —o Ramiro da Felra do Páramo— sabedor das miñas inquedanzas literarias, invitóume á tertulia do popular escritor lugués, no café "Lugo", hoxe desaparecido, que estaba adosado a muralla, xunto á porta de San Pedro. A personalidade do mestre, a quen solo coñecía a través dos libros "A lus do Candil", "Terra Brava" e a edición bonaerense "Pauto do Demo", impreslonóume pola súa lucidía memoria. A facilidade de palabra do académico, a súa basta cultura —o mesmo falaba de Ortega y Gasset que do mariscal Rommel; da esclavltude dos negros nos EE.UU. ou da xeneración NOS; de Unamuno, Valle Inclán, Pío Baroja, do gran poeta lugués Plmentel, do holocausto dos xudeos ou mesmo dos catalás Cambó, Maragall, Verdaguer— impresionáronme, abofé. E, dende aquel día, a miña maior felicidade é escoltar ó mestre, atender as suas leiciós; porque Don Anxel é unha enciclopedia da historia de Lugo astra os máis miúdos detalles e o millor coñecedor da etimoloxía galega. Pero non é samente a sabiduría o que distingue a Fole. O académico é profundamente humán, cun gran sentido da amizade, cordial e prudente. O longo de sete anos a miña relación con D. Anxel nas tempadas estlváis en Lugo, foi en aumento. Xa non cabe na miña idea a programación das vacaciós sen contar con D. Anxel: as conversas no PROGRESO, co café, nas excursiós pola provincia de Lugo.

Como xa teño escrito nunha das miñas crónicas "é unha regalía viaxar con D. Anxel Fole". Con il e o amigo Andrade recorreremos as terras do Incio Dompíñor, a casa do Pacio na Ferreiría, a eirexa dos Hospitalarios, a mansión dos Quiroga, onde escribiú "Terra Brava"—. Con D. Anxel visitamos a torre de Basille perto de Baralla, que pertencéu ó bisabó don Juan M.^a Quiroga; rubimos ó Cebreiro do Santo Grial galego e das pallozas; estivemos no mosteiro de Samos, «o castelo esquencido de Castroverde, no moimental pazo de Folgosa, na maravilla pétrea do pazo de Corgo, en Castro de Rei, acompañados por Xosé Manuel Carballo, e na Veiguiña, en terras de Quiroga, escenario donde escribiú o outro libro, xa clásico, "A lus do Candil".

Sarria, Corneas, Monforte, Neira de Rei, Savane e Folgoso do Courel, Feira do Monte, Sanxillao, Outeiro, son outros tantos nomes vencellados no meu recordo a D. Anxel Fole, o meirande prosista nado na cidade do Sacramento. A súa mente clara, a súa sabencia nos eidos da historia, das tradiclóns e dos costumes da nosa Terra; a súa xenerosidade e, por riba de todo, a súa esgrevia personalidade, fan que don Ánxel Fole —académico, Pedrón de Ouro, Popular de Lugo— seña merecente do homenaxe que o seu pobo, por acordo unánime do Consistorio, lle flxo adicándolle unha rúa.

"Cartafolio de Lugo" e "Contos que nInguén cree" sos as novas aportaciós literarias que agardamos ver publicados. Agora os seus amigos, que é tanto coma decir os fillos da súa cidade natal, anceiamos o que será o gran homenaxe ó patriarca das Letras Galegas: O seu nomeamento de fillo Predilecto de Lugo.

"Cartafolio de Lugo", o millor homenaxe a Anxel Fole

"Leer na emigración o "Cartafolio de Lugo", é revivir a nenez e a xuventude cos ollos embazados polas bágoas da emoción", escribe Manuel Rodríguez López, nun estenso artigo adicado o narrador Anxel Fole que incluímos na Táboa Redonda. A derradeira obra de Fole da pé a Rodríguez López pra facer unha semblanza do escritor lugués do que dice que con este libro, "trasládanos a unha época na que as cidades aínda eran acolledoras. A lectura é un delicioso deambular por Lugo facendo amizade con Pimentel, Xan de Forcadas, Fernández Mato, Avelino González, Manolo Sariñena, Salvador Freire, Xesús Bal, Alvaro Gil, Pepe Veral e o pintor Corredoira".

"Cartafolio de Lugo" é o millor homenaxe de cantos se lle tributaron a don Anxel Fole

Os galegos que vivimos lonxe da nosa terra enterámonos, pola Prensa, dos homenaxes que derradeiramente lle foron tributados a don Anxel Fole na súa cidade natal. Todos íles ben merecidos, abofé. ¿Quén vai discutir, poñamos por caso, o acordo do Concello de Lugo que adicou unha rúa ao autor de "Terra brava" e "A lus do candil", obras xa clásicas da nosa lingua? Pero o máis acertado agasallo — coido eu— rendido ao académico lugués débémollos ao "Círculo de las Artes" que, facendo honor á súa longa traectoria cultural e, ao mesmo tempo, dando proba de ser unha institución agradecida, editou "Cartafolio de Lugo", abondosa escolma de artigos publicados por don Anxel ao longo de moitos anos na Prensa diaria, crónicas que o escritor fixo con garimo filial e que, hoxe, son un manantío abondoso pra cantos anceían estudar as tradicións relixiosas, os costumes, a cultura, as grandes efemérides, o progreso, as loitas políticas, as xentes e incluso a etnia, a antropoloxía e o léxico da sociedade luguesa das primeiras décadas deste século.

Leer, na emigración, "Cartafolio de Lugo", pra homes nados polos anos dez como Fernando Neira, fillo de don Marcial, tantas veces citado por Fole, é revivir a nenez e a xuventude cos ollos embazados polas bagoas da emoción. Pra os que non fomos testemuñas dos relatos do escritor, a lectura do "Cartafolio" é un deleitoso deambular por Lugo facendo amizade co admirado poeta Pimentel; con Xan de Forcadas; co humorista Fernández Mato; co venerábel párroco de San Pedro, don Avelino González; con Manolo Sariñena, pianista do Círculo das Artes e fundador da Coral Polifónica lucense; co compositor Xesús Bal; co farmacéutico Salvador Freire, animador da tertulia máis famosa de Lugo; con Roberto Pedrosa, o persoero máis outo da cidade; con Pepe Veral, obsesionado polos temas de cine; con Alvaro Gil Arias, co pintor Corredoira... Cantos leemos "Cartafolio de Lugo" enorgullecémonos do popular alcalde Anxel López Pérez e ceibamos un sorriso polas ocorrencias do tolo Pepe Montero. Mofámonos, sen ferir, do "Esquila Ratos", do "Papaovos", do "Setebaixos", de "Orellas de Criado", do "Chosco"... Sentimos, como door propia tantas mortes causadas pola epidemia do gripe e pola tuberculosis que fixeron

estragos na segunda década; conversamos no campo da feira cos aldeáns de chapeo, zocas e aguillada que lle inspiraron a Trapero Pardo o fantástico Pelúdez das festas de San Froilán; ollamos persoeiros de capa e chisteira entrar no café Nemesio e señoras con panos de seda e longas saias saíndo da Catedral, contemplamos os primeiros coches tirados por cabalos; parolamos cunhas mulleres que están mazando o leite á porta da casa e botamos un vaso nunha tasca enxebre das aforas de capital. Coa lectura de "Cartafolio" asistimos a un mitin de Casares Quiroga, a unha assemblea organizada polo "Centro Obrero" á Asamblea das Irmandades da Fala do ano 18, a unha reunión da loxia masónica e ¿por qué non? entramos no Café Moderno ou no Lugo-Salón pra escoitar as cupletistas Heliet, Paquita Escribano, Campanela...

FOLE, GALEGO UNIVERSAL

Despóis dunda longa xornada de traballo, o "Cartafolio" é un "relax". Fole trasládanos a unha época na que as cidades aínda eran acolledoras. ¿Quén iba dicir que aquí proliferar de novedosos inventos chegarían a ser o azoute da sociedade consumista? Canto nos despersoaliza hoxendía, daquela, era agradábel novidade, anécdota sinxela, esperanza dun xeito de vida máis doado: O primeiro voo do aviador Garnier evolucionando no ceo de Lugo o día de Corpus do 1912, o alumbrado eléctrico, o teléfono e o primeiro auto do banqueiro Nicolás Soler, a comenzos de século. A novidade dunha rapaza circulando en moto —cosa incomprendible por aquelas datas—, tres mozas con corbata e pantalón montando a cabalo; a inauguración do mercado de abastos en 1914, sendo alcalde de Lugo don Reinaldo Fole Quiroga; o primeiro cine sonoro; a radiofonía...

Don Anxel Fole danos unha imaxe nítida da importancia de Lugo ao relatarnos o viaxe de Isabel II, a chegada do primeiro tren, as visitas de Alfonso XIII, Primo de Rivera, Canalejas, Dato, Maura, Alcalá Zamora...; pero infórmanos, tamén, de feitos pintorescos, de prezos, dos xogos preferidos polos nenos, das agotadoras xornadas de traballo e, con axilidade e estilo ameno, describe manifestacións relixiosas, como a Santa misión do 34 ou a entrada multitudinaria do obispo Frai Plácido na súa cidade natal; as actuacións artísticas do Circo Ruso e da Orquesta Sinfónica de Madrí; actos culturais como os Xogos Florais de 1915, a representación teatral no Círculo das Artes de "A man da Santiña", de Cabanillas, ou a estancia en Lugo, o ano 1932, de Federico García Lorca.

Fole non é somente un atento esculcador que fai historia viva do seu pobo. "Cartafolio de Lugo" non é unha crónica local desvencellada dos avalares do mundo. O autor, que é un home fónicamente galego, éo tamén universal. Por iso, a carón do diario acontecer da súa cidade, analiza feitos doutras latitudes: A apertura do Canal de Panamá; os acontecementos da Semana Tráxica de Barcelona, o ano nove; a fundación, por Francisco Giner de los Ríos do "Instituto de Libre Enseñanza"; o asasinato, en Sarajevo, do príncipe Fernando; a revolución rusa; a "domesticación hitleriana de Alemaña"...

Don Anxel Fole, no "Cartafolio" fálanos de periódicos de Lugo, como "La

Vanguardia Gallega", "El Progreso", "La Aurora del Miño"..., da revista "Ronsel", fundada por Evaristo Correa Calderón o ano 24 e de "Yunque", fundada polo propio don Anxel. Lévanos, ademáis, a cantas institucións culturais había na cidade e, gracias á súa pluma testemuñal, entramos nas tertulias e coñecemos homes inquedados polo progreso, as letras, a música, a pintura e a política, todos íles lectores do diario liberal "El Sol" e da revista "La Esfera". Naquelas xuntanzas falábase afervoadamente de Ortega y Gasset, Unamuno, Benavente, Azorín, Pérez de Ayala, Pío Baroja, Juan Ramón Jiménez, Machado, Zuloaga, Vázquez Díaz, dos galegos Valle Inclán, Menéndez Pidal e dona Emilia Pardo Bazán e de moitos outros ilustres intelectuais que deron orixen á segunda Edade de Ouro das Letras españolas.

TRABALLOS ANTOLOXICOS

Podíamonos alongar horas enteiras profundando nos feitos e nas persoas que se suceden no libro; pero coido que abondou enuméralos moi á lixeira pra dar idea da súa importancia documental. O que agora quero suliñar é algúns dos trabados puramente literarios que podemos calificar de antolóxicos: En "Algo hai que evitar" don Anxel fai un estudo perfecto da condición humana dende os anos da nenez astra a vellez, pasando pola adolescencia franca e sen reservas, deica chegar á idade madura coa posibilidade de se voltar animal de rapiña, e en "San Friolán desde el campo" o cronista, que fuxiu das aglomeracións, fai un retrato maravilloso dunha aldea da Terra Cha ao relatar as conversas cos labregos e os longos paseos outonáis por camiños cubertos dunha alfombra máxica de terciopelo marelo empapado en sangue".

"Topografía Báquica de la ciudad de Lugo" é outro fermoso capítulo da obra que estamos a comentar. Encétase cun diálogo entre O Moralista e o Cronista — "alterego" un do outro—. O Cronista recoñece que o Moralista ten razón, pero torce a conversa e invita ao lector a visitar as trescentas tabernas de Lugo "nas que se celebra o antiquísimo rito do viño e do culto a Baco". Na "Canción del Bebedor" berra: Ouh Probes abstemios, qué sabedes vos da valía do viño? E da "Inmortal Balada de los Bebedores" di: "E un poema que consigue levar ao ánimo do leitor as esenciais da vida nocturna".

Outra creación literaria de Fole que abondaría pra consagrar un escritor é "La película de don Fabulón", fantástico persoaxe antobiográfico creado por don Anxel. Don Fabulón Ferreiro publicou "Tratado de Mego", ensaio fundamental da doutrina do humorismo; "Diccionario del Chiste" e "Arta Magna de la Risa". Fabulón adicábase ao comercio de antigüedades e tiña un loro políglota. Foi o meirande creador do humorismo. Desapareceu da cidade sen deixar rastro e, ao cabo de sete anos, uns obreiros que estaban a facer unha excavación atoparon un sartego co cadáver de Fabulón. Farruco de Caldas acude pra recoñecer o morto e ceiba unha enorme gargallada: O que coidaban cadáver de Fabulón era un boneco feito polo mestre. No ataúde había unha chea de cosas, entre outras, unha caixa de música, coplas populares, periódicos, revistas, entradas de cine, un retrato, o rizo dunha cupletista,

exemplares das suas obras completas e un sobre lacrado cun exemplar da "Magna Crónica de Lugo", de Farruco de Caldas, alumno preferido do gran humorista, que exclama:

—Veleiqué a máis fonda, derredeira verdade do humor e máis do humorismo!

Fermosa alegoría a que don Anxel Fole nos brinda de "dóminus Fábulo", que non é outro, ao meu ver, que o propio Fole, como tamén o son Farruco de Caldas, ou Lucense; Basiliense, .ou Magister Cuiosus; Eginardo de Tor, ou Vicense. O contento de Farruco de Caldas —Anxel Fole—, autor de "Magna Crónica de Lugo" é grande porque, ao fin, parte das suas crónicas que durante anos durmiron no ataúde do esquecemento, espalladas en periódicos e revistas, saíroñ a luz no libro tidoado "Cartafolio de Lugo", o millor homenaxe de cantos se renderon a don Anxel Fole no seu pobo nadal.

El Progreso, 22/11/1981

Xosé Rubinos, poeta da emigración, quefoi inxustamente esquecido (I)

A comcnzos da década dos cincoenta, cando eu estudaba os primeiros cursos de Humanidades, en Barcelona, cidade da miña residencia dende neno, ouvín falar por primeira vez de Rosalía e Curros que, con Valle Inclán, Pardo Bazán, Alfonso X e poucos máis, eran os literatos galegos que figuraban no libro de texto. Os meus coñecementos das letras galegas arrancan, pois, duns comenzos moi sinxelos; pero a forte chamada da terra fixo que pescudara por bibliotecas e librerías, afanoso de descubrir os mestres da nosa língoa.

Un dos meus primeiros achádegos foi a revista «Vida Gallega» que se vendía nas Ramblas da Cidade Condal e un dos colaboradores que máis me chamou a atención na, daquela, única revista galega que eu coñecía, foi o P. Rubinos, profesor do Colexio Belén, de La Habana. Cecáis porque tiña familiares naquíl país e certos anxeios de emigrar a carón díles, tal vez porque, a través da revista sabía da vitalidade cultural do Centro Gallego da villa do Caribe, o caso foi que escribinlle e axiña tiven resposta acompañada do fermoso libro «A xesta de como América nasceu da Melodía».

A súa obra non foi reeditada en Galicia

Lémbrome que lle contestara entusiasmado porque, naqueles anos da miña xuventude ilusionada, ouvialle criticar ós meus profesores o valeiro de importantes obras en galego, non apto —afirmaban— prá poesía épica. A «Xesta...» que acababa de recibir, e o P. Rubinos me facía de «Covadonga», «esgotada a edición primeira —decía— axiña sairá outra», era pra mín un motivo de orgullo e o argumento con que desacreditar ós que propalaban que o noso idioma é incapaz do canto épico.

Anos máis tarde, agasalloume co libro «Fábulas galegas pra nenos grandes e pequenos» e, na última carta que me escribiu o ano 1960, anunciábame o envío de dúas novas «Xestas de Galicia» «nas que se conta —escribía— cómo nasceu a gaita galega e cómo foi feito o escudo de Aníbale», obras que non cheguei a recibir. Tampouco voltei saber do ilustre escritor e poeta astra que, pasados moitos anos, confirmáronme que morrera en Miami, rodeado da numerosísima colonia de cubanos exiliados.

Incomprensiblemente, a súa obra non foi reeditada en Galicia e moi poucas persoas tiveron coñecemento dos seus poemas. A causa principal débese, quizáis, á desaparición do Centro Gallego, noutroira, importante foco cultural de La Habana. En moitas ocasións, ó longo do tempo, lembreime do P. Xosé Rubins que tanto me animaba a seguir na miña vocación literaria: «Chegáronme casi xuntas as súas cartiñas e máis os seus poemas. Vexo niles—decíame— un gran adianto na poesía de Vde. «O triste namorado» ten cousas enxebrisimas de dozor da y-alma galega»....E tentei moitas veces coñecer toda a súa obra, pero as miñas pescudas sempre tiveron escasos resultados. Dende o meu lugar de residencia —Barcelona— non era doado lograr información. A máis, as antoloxías de literatura galega esquenceron sempre a

obra do xesuíta coruñés.

Unha inolvidable entrevista

Hai uns meses, por un casual, o segretario do Centro Galego de Barcelona, Xosé Fernández Castro, faloume do P. Rubinos, S. I., irmán do poeta. A lembranza de don Xosé e un certo remorso de non ter profundado máis no estudo da súa obra decidironme a escribir estas llanas. E ¿quén millor ca don Antonio pra me informar da abondosa obra do poeta?

Os nosos contactos epistolares froitificaron nunha inolvidable entrevista que mantivemos a comezos do mes de Sant-Iago na residencia dos Xesuítas da Coruña. O fin tiven nas miñas mans a epopeia en quince Xestas de Xosé Rubinos. Dera coa fonte crara e limpa, tanto tempo anceiada, onde poder profundar na ricaz produción literaria do entusiasta vate, inxustamente descoñecido na súa propia terra, que a carón dunha abondosa creación en castelán, polo seu gran apego ó lugar de nacemento, cultivou o idioma dos devandeiros, nos máis variados xéneros, sen outra compensación que a satisfacción persoal dun amor casi místico polo seu pobo e a súa cultura.

El Ideal Gallego, 3/12/1982

Vinteito anos despois do homenaxe da Academia a Xosé Rubinos (II)

Na Residencia dos Xesuitas da rúa Fonseca da acolledora Cidade Herculina, o P. Antonio Rubinos, rebordante de agarimo e amabilidade, recibíume coma un vello amigo. Xa me tiña preparado libros, cartas, críticas e numerosos artigos laudatorios da extensa e variada obra do seu irmán pra que poidera, libremente, fotocopiar canto quixera. Pero a longa conversa con don Antonio, tan vencellado ó seu irmán polo sangue e pola vocación, foi a millor fonte de información pra ver cumpridos os meus anceios de profundar na obra e na persoalidade do inspirado poeta. Xuntos, pasaron a infancia na Coruña, estudaron a carreira, coincidiron en Cuba e mantivéronse xunguidos pola mesma vocación de apostolado, aínda que alonxados físicamente moitos anos.

«O Xosé —éramos once irmáns, díme don Antonio— naceu o 3 de abril de 1898 na rúa de San Andrés, na casa 123, 2.º, e ingresou na Compañía ós 16 anos, facendo o noviciado en Carrión de los Condes (Palencia). Afectado por unha doenza pulmonar, dous anos máis tarde, foi trasladado a Chapinero (Bogotá) onde recobrou a saúde gracias ó clima e a un réximen total de descanso. Alí estudou Retórica, Humanidades e Filosofía, ordenándose sacerdote o 24/7/1926. De regreso a Europa en 1929 —engade o P. Antonio Rubinos— o meu irmán decidiu voltar a Colombia por mor da saúde pero, ó recalar en Cuba, a Compañía pediulle que quedara no Colexio de Belén donde transcuriron os trinta anos máis fecundos da súa vida. Foi profesor de literatura, forxador de oradores, guía e mentor dos Rivero e do gran «Diario de la Marina», alma, conselleiro e paño de bágoas da Colonia española».

O P. Antonio Rubinos que, como dixeran, tamén pasou unha tempada en La Habana, cóntame da gran actividade desenrolada polo Centro Galego, unha das milliores institucións da illa do Caribe, con escolas, un salón capaz pra 2.000 persoas, a millor clínica do país e con pabellón propio no cementerio Colón. Recorría a «Escuela Apostólica» dos xesuitas, xunto ó Colexio Belén no que estudaban tres mil alumnos. Fálame da asociación «Las Hijas de Galicia» que tiña quince mil socias e lamenta:

«Tamaña obra desapareceu co castrismo. Fidel, que por certo foi discípulo de Literatura do meu irmán, non recoñeceu o labor das institucións españolas, e o clima político, cada vez máis desacougante, foi a causa do desterro do Xosé que marchou pro Colexio dos Xesuitas de Miami onde morrera o día tres de Nadal de 1963, por mor dunha operación que ninguén coidaba de gravidade.»

. Entre a correspondencia e os libros do seu irmán, don Antonio conserva un Boletín editado pola Real Academia Gallega, que o día 20 de Xullo de 1954 tributoulle un homenaxe e impúxolle a Medalla de Académico de Honor. Xosé Rubinos, presidente da «Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia, en La Habana», chegara á Coruña no vapor Auriga, en Pelerinaxe cun numeroso grupo de galegos emigrantes en Cuba, pra ganar o Xubileo Compostelán. A acollida que lle tributou a docta Corporación foi afervorada e, no acto de homenaxe, presidiron o Director, don Manuel Casas, o Teniente de Alcalde, señor Boado e o tesoreiro e o

segretario, señores Carré Alvarellos e Vales Villamartín, rematando o acto o propio homenaxeado que leu o seu poema «Un cristale feito cachizas fala cun neno da Cruña».

Na acta da Xunta de goberno da sesión celebrada o 15/7/54, podemos ler unhas palabras de Manuel Casas que afirmou: «Xosé Rubinos é un cultivador insigne das letras galaicas, cunha obra abondosa, entre as que sobresaie o seu moimental poema Covadonga». A resposta do poeta foi emocionante: «Qué doce —dixo— é pra o emigrante saber que vos, eiquí, pensades níl e que vos preocupades por íl. Seguídelo e celebrades o seu triunfo e asociádesvos ás suas mágoas».

Pasaron vinteoito anos dende aquil homenaxe ó que se sumou o Goberno Español concedéndolle a Placa de Alfonso X o Sabio, a petición da Colonia Galega de Cuba; pero o nome e a obra do poeta siguen sendo descoñecidos no seu pobo. Discípulos seus parece ser que reeditarán Covadonga nos Estados Unidos. ¿Por qué non o fai a Real Academia Gallega?

El Ideal Gallego, 10/12/1982

¿Qué din os críticos da obra de Xosé Rubinos (y III)

E incomprendible que un intelectual como o P. Rubinos, correspondente e académico de honor da Real Academia Gallega, correspondente das Academias Cubana e Colombiana da Lengua e da nacional de Artes e Letras de Cuba, non figure en antoloxías, en libros escolares —cómo gozarían os nenos coas súas fábulas—, nen nos manuais de literatura galegos.

Sería inxusto, nembargantes, se non dixera que o gran intelectual, profesor R. Carballo Calero a quen tanto lle deben as nosas letras, na segunda edición do seu libro maxistral «Historia de Literatura galega contemporánea» —na primeira edición non o mencionaba— adícalle un longo traballo. Por veces o profesor é duro co poeta e críticalle o emprego abusivo do diminutivo, as libertades métricas «que van alén dos modernistas», pero tamén afirma ó referirse a «Covadonga» que, «dende o punto de vista literario, Rubinos será lembrado polo seu ensaio épico, recreación erudita, como «Os eoas», que non se pode comparar co Hermann und Dorotea pero que foi traballada cunha aplicación, cun amor, cun entusiasmo que callaron nunha realización singularmente caracterizada».

Pero moito antes destas manifestacións do ilustre profesor, alma do rexurdir do idioma galego coa súa destacada laboura no grupo «Galaxia», o gran periodista do «Diario de la Marina», Roberto Santos, gran amigo do P. Rubinos, nun artigo publicado en EL IDEAL GALLEGO poucos meses despóis do pasamento do escritor, afirmou que don Xosé «home bón, sinxelo, xeneroso, docto e prematuramente desaparecido, era un dos varóns máis ilustres da nosa terra e que polas súas obras, especialmente polo moimento literario «Covadonga», o exemplar sacerdote, máis coruñés que a rúa Real, é merecente dun moimento á súa lembranza na Coruña».

Ramón Fernández Mato, un dos primeiros coñecedores de «Covadonga» e animador da súa publicación, afirmaba en La Vida Gallega en Cuba», 1951: «Rubinos fuxiu da erudición e ergueu a grandiosa fábrica poemática sobor dos máis puros elementos da inspiración natural... As fazañas de Belay-el Rumi (don Pelayo) teñen forza homérica e as estrofas de robustez románica do P. Rubinos non terían por que encollerse diante das epopeias Merevinxías francesas».

Verbas acesas de gabanza pró Xosé Rubinos

Tamén o gran poeta Ramón Cabanillas tivo verbas acesas de gabanza pro ilustre xesuita: «Covadonga» —dixo— é a máis importante e fermosa aportación ás letras galegas no que vai de século». E o conde de Foxá non dubidou afirmar: «O gran poema «Covadonga» é como unha íliada cristianizada». Helmuth Hohanni, da Universidade de Würzburg; Rodolfo Grassmann, da, Universidade de Hamburgo; Nicolás Bayona Posada, da Academia Colombiana; José M. Chacón y Calvo, director da Academia Cubana, e un longo etcétera, todos íles persoeiros das letras, concordan en afirmar que «Covadonga» é unha obra maxistral.

Pero non somente «Covadonga», con todo a ser a creación máis importante

do P. Rubinos, mereceu eloxios de tan importantes críticos. Xosé Filgueira Valverde, na actualidade conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, ó referirse á «Xesta de como América nasceu da melodía» dinos: «Esta xesta é unha pura delicia», e Fernández Pousa, da Universidade Central de Madrid, ó facer a crítica de «Dial poético da viaxe dun galego polos Estados Unidos», obra que conquistou o primeiro premio de poesía galega no concurso de «Unity Galega», de Nueva York, e que foi publicada en galego con versión castelán e inglesa, escribe que é unha preciosísima e universal obra.

«O poema da Cruña»

Aínda podíamos falar de «O poema da Cruña», de «Gabanza da Cruña» — libros de afervorado amor á súa cidade natal—, e tamén de «O velliño» (Edipo en Galicia) e de tantas outras xestas e libros inéditos, todos íles pensados e escritos en galego e traducidos, logo, polo mesmo Rubinos ó castelán, que inesplicablemente son descoñecidos na súa terra, a Galicia que íl levou crabuñada no peito e no pensamento durante toda a súa vida. Aquela Galicia lonxana e adorada con fervor casi místico.

Pouco sabemos, aínda hoxe, da cultura galega na capital antillana que, entre outros, contou coa presenza activa de Curros e Cabanillas. Polo contrario, das actividades galegas en Bós Aires temos información completa. E mester recoller en libro a tarefa infatigable de tantos emigrantes que, como o P. Rubinos, cultivaron con paixón as nosas letras sen recibir ren a cambio.

El Ideal Gallego, 16/12/1982

Pódese considerar un libro de memorias do escritor lugués

Edición especial de «Homes de Fole» polo aniversario de El Progreso

Co gallo do LXXV aniversario de «El Progreso», de Lugo, que encetou a súa comunicación cos lectores o 17 de agosto de 1908, Editorial Sept fixo unha edición especial de cincocentos exemplares do libro «Homes de Fole-Conversa de Anxel Fole con Xosé de Cora», un acerto do director do xornal lugués, que agradecemos, pois ven a encher un valeiro posto de manifesto en numerosas ocasións por cantos coñecemos e tratamos moi de perto ó ilustre escritor.

«Homes de Fole» pódese considerar un libro de memorias, un libro que o mestre da narrativa galega aínda non se decidiu a escribir. Xosé de Cora liberou a Fole dése labor e recolleu con fidelidade unha serie de conversas co amigo e mestre «lonxe —dinos no limiar— dos cánones clásicos da entrevista xornalística».

O longo de dez capítulos, lendo este novo libro de Xosé de Cora, sentimos a sensación de estar oíndo a don Anxel no automóvil, no Caurel, nos Ancares, en Sobrado dos Monxes, no café Divey, de Lugo, ou na súa casa na rúa Montero Ríos. Os seus recordos da infancia, do Instituto de Lugo, de Valladolid, Madrid e Santiago; as falcatruadas dos estudantes, as anécdotas dos profesores, os contos de grandes fabuladores, os avatares da República e da guerra; centos de persoeiros do mundo das artes e da política, que él tratou, e a historia de Lugo ó longo de tres xeneracións, revivien en «Homes de Fole», libro que leemos con respecto e atención porque relata con exactitude —nos xiros, nas expresións admirativas e na vivacidade intelectual— as conversas coloquiais do académico, «reflexo do seu potencial humanista de pensador atinado é acougado» como, moi ben, escribe Xosé de Cora.

Igual ca Bocelo, ex-director de «El Progreso», que durante varios anos mantivo fondas relacións de amizade co escritor, atopo a faltar un capítulo destinado a investigadores da etimoloxía galega, homes que Fole coñece e cos que non sempre concorda. Falamos sobre o tema co académico, que confésanos:

—«Teño verdadeira pasión pola etimoloxía, pero o que máis me interesa é descubrir as claves. O coñecemento do galego, críticamente, é pouco profundo porque soamente foi estudado ocasionalmente. O cincuenta ou sesenta por cento das palabras galegas proveñen do latín; o resto son de influencia xermánica, árabe ou celta».

Derradeiramente, Claudio Rodríguez Fer e Carlos Casares publicaron tamén estudos sobre a obra de Anxel Fole. A televisión, a radio e a prensa interézanse cada vez máis polos seus libros. Eu tiña interese por coñecer a reacción do autor de «Terra Brava» e pedinlle cómo definiría a súa propia obra. Unha vez máis confirmouse a prudencia e a humildade do mestre.

—«Sinto unha grata satisfacción —contestou— de que os meus libros teñan eco, pero non é acaído que fale de min mesmo. Sobre outra persoa daría opinión exacta e precisa, pero de mín non quero falar. Non debe asomar nunca a vanidade».

El Ideal Gallego, 24/8/1983